

Guía

sobre a Lei orgánica de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia



Guía

sobre a Lei orgánica de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia

Esta guía foi elaborada por Clara Martínez e
Almudena Escorial.

Agradecementos: Myriam Cabrera,
Concepción Molina, Sara Díez e Itziar Gómez.

Setembro 2021

01	Presentación	4
02	Dez grandes achegas da LOPIVI	6
03	Por que unha nova lei?	8
04	Por que unha lei orgánica?	10
05	Que leis modifica a LOPIVI?	12
06	Conceptos clave	14
07	Dereitos específicos dos nenos, nenas e adolescentes fronte á violencia	18
08	A participación e o dereito a ser escoitado de nenos, nenas e adolescentes	20
09	A comunicación de situacións de violencia	24
10	Contratación de profesionais	28
11	Formación e capacitación	30
12	Niveis e ámbitos de actuación	32
13	Niveis de actuación	34
14	Ámbitos de actuación	38
15	A Estratexia Nacional para a Erradicación da Violencia contra a Infancia e a Adolescencia	72
16	Recollida de datos e información estatística sobre a violencia contra a infancia e a adolescencia	74
17	Colaboración e cooperación	76
18	Modificacións no ámbito civil	80
19	Modificacións ao Código Penal	82
20	Modificacións no ámbito procesual	84
21	Desenvolvemento normativo da LOPIVI	86
22	Listaxe abreviaturas guía LOPIVI	90

01



Presentación

A aprobación da Lei orgánica de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia (LOPIVI) supuxo un grande avance en materia de protección dos nenos, nenas e adolescentes en España, que se converte no primeiro país do mundo cunha lexislación desta magnitude.

Así e todo, a aprobación desta lei non é máis que o principio dun cambio de paradigma que debemos realizar como sociedade para erradicar a violencia contra a infancia no noso país. Cómpre poñer en marcha todos os mecanismos que a lei introduciu para previr a violencia e desenvolver nos diferentes niveis administrativos (estatal, autonómico e local) cuestións de gran relevancia. Pero ademais, hai que traballar para cambiar a mentalidade social e mandar unha mensaxe rotunda de rexeitamento a calquera forma de violencia exercida contra os nenos, nenas e adolescentes.

Para iso é de vital importancia coñecer e entender ben esta lei, principalmente polas persoas, Administracións, institucións e organizacións que traballamos polos dereitos da infancia. Con este obxectivo, a Plataforma de Infancia xunto coa Cátedra dos Dereitos do Neno da Universidade Pontificia Comillas/Proxecto Holistic elaboramos esta guía, para dar a coñecer a lei e todas as novidades que introduciu no noso ordenamento xurídico, así como para identificar os próximos pasos que se han de seguir para conseguir a súa efectiva aplicación.





Dez grandes achegas da LOPIVI

■ 1. Protección integral fronte á violencia

A lei contén medidas para os **diferentes niveis** de actuación (a sensibilización, a prevención ou a detección precoz) e nos **distintos ámbitos** (familiar, educativo, de intervención social, centros de protección, sanitario, deportivo e de ocio, dixital e policial).

Prevese a creación dunha **estratexia** que coordine as actuacións que se van poñer en marcha por parte das distintas Administracións.

■ 2. Enfoque preventivo

Estamos ante unha lei eminentemente preventiva que pretende evitar que a violencia chegue a producirse, por iso incorpora a obriga de constituír **ambientes seguros** para a infancia nos diferentes ámbitos con obrigas concretas para os diferentes actores que tamén deberán recibir **formación específica**.

■ 3. O principio do bo trato

A lei non se centra exclusivamente en habilitar un marco para a eliminación da violencia contra a infancia e a adolescencia, senón que, ademais, impón o principio do **bo trato**, para garantir o seu desenvolvemento holístico atendendo ao interese superior de cada neno ou nena, garantindo a súa participación na súa avaliación e determinación e sen discriminación ningunha.

■ 4. Reforzo do dereito a ser escoitado

Non se pode protexer as nenas e nenos fronte á violencia sen escoitalos, por iso a lei introduce melloras no noso ordenamento, como:

- Permitir que un neno ou nena poida **denunciar sen necesidade de estar acompañado polo seu titor**, o cal é importante para aquelas situacións nas que a violencia proveña destes.
- Dar máis valor á opinión dos nenos, de maneira que, en caso de que a opinión do neno ou a nena non coincida coa dos seus titores, se considera que existe un **conflicto de intereses** e, polo tanto, pode ser necesario o nomeamento dun **defensor xudicial** que defenda os seus intereses.
- Reforzar os **mecanismos de denuncia** en centros de protección.

■ 5. Figuras clave: coordinadores de benestar e delegado de protección

A lei prevé a creación de dúas figuras para a prevención, detección e protección das nenas, nenos e adolescentes fronte á violencia en dous espazos clave para eles:

- O coordinador de benestar no ámbito educativo.
- O delegado de protección no ámbito do deporte e do ocio.

Se ben estas figuras deben desenvolverse nos correspondentes marcos autonómicos, o cometido principal de ambos é ser as figuras de referencia para a prevención e protección fronte á violencia.

■ 6. Prohibición de prácticas que atentaban contra a integridade dos nenos e nenas

De acordo coas recomendacións do Defensor do Pobo, a lei prohibiu as **medidas de contención mecánica a punto fixo** tanto no ámbito do sistema de protección, como no dos centros de reforma, así como a realización **de espidos integrais, exploracións xenitais** ou outras probas médicas especialmente invasivas no procedemento de determinación da idade.

■ 7. Creación da Conferencia Sectorial

Créase a Conferencia Sectorial de Infancia e Adolescencia como **órgano de cooperación entre a Administración Xeral do Estado e as comunidades autónomas** en materia de protección e desenvolvemento da infancia e a adolescencia, non só para asuntos relacionados coa violencia.

■ 8. Rexistros unificados

A lei recolle a necesidade de rexistrar datos completos sobre a violencia contra a infancia, coordinados en todo o territorio, para a elaboración das políticas públicas e a estratexia para a erradicación da violencia contra a infancia e a adolescencia; e prevé a **creación de dous rexistros de ámbito estatal**: o RUSSVI e o Rexistro Central de Información.

■ 9. Proba preconstituída

Co obxectivo de evitar a revitimización dos nenos e nenas vítimas de violencia nos procesos xudiciais, a lei restablece a **obligatoriedade de realizar a proba preconstituída cando a testemuña sexa unha persoa menor de catorce anos** ou unha persoa con discapacidade necesitada de especial protección. Desta forma, convértese en excepcional a súa declaración en xuízo.

■ 10. Ampliación dos terminis de prescripció

Esténdese o tempo de **prescripción** dos delitos máis graves cometidos contra as persoas menores de idade, modificando o día de comezo do cómputo de prazo, que será a partir de que a vítima fíxese os trinta e cinco anos.



Por que unha nova lei?

- **O sistema normativo español non se axustaba plenamente ao modelo de protección integral con enfoque de dereitos humanos**

A resposta fronte á violencia centrábase nas sancións (penais) ao agresor e na garantía dun conxunto de prestacións sociais de atención e reparación ás vítimas.

A loita para erradicar a violencia contra a infancia e a adolescencia **é un imperativo de dereitos humanos**. Os estándares internacionais na materia, especialmente a Convención sobre os Dereitos do Neno:

- Garanten non só o seu dereito a non ser obxecto de ningunha forma de violencia, senón tamén á vida e ao seu **desenvolvemento holístico**.
- **Priorizan a prevención** de toda forma de violencia contra nenos, nenas ou adolescentes, en todos os ámbitos da súa vida, por medio de medidas e actuacións integrais e coordinadas das que deben responsabilizarse as familias, os poderes públicos, a sociedade civil e o sector empresarial.

- **Impacto da violencia nos nenos e nenas**

Aínda que non todos presentan os mesmos síntomas, a violencia sempre ten consecuencias moi negativas nos nenos e nenas e no seu desenvolvemento futuro en todos os ámbitos: físico, emocional, cognitivo ou social.

■ Os datos sobre violencia contra a infancia son alarmantes

Segundo datos do Ministerio do Interior, en 2020 presentáronse 35.778 denuncias que tiñan como vítima unha nena, neno ou adolescente. Delas:

- 5.685 denuncias por delitos contra a liberdade sexual, a maioría contra nenas, que seguen representando o 50% sobre a totalidade.
- 5.851 denuncias por violencia no ámbito familiar, sendo as máis afectadas as adolescentes entre 14-17 anos.

Por outro lado, o Rexistro Unificado de Maltrato Infantil (RUMI) rexistrou en 2019 un total de 15.365 notificacións de maltrato (1.412 de abuso sexual, 5.952 de maltrato emocional, 3.654 por maltrato físico e 8.755 por negligencia).

Estas cifras, así e todo, son só unha pequena parte das reais, coas graves consecuencias que carrega para as vítimas e para o conxunto da sociedade.

■ É unha recomendación do Comité dos Dereitos do Neno a España dende 2010 e doutras institucións

A necesidade de adoptar un marco normativo e institucional adecuado para abordar de maneira eficiente e conforme ás esixencias de dereitos humanos a violencia que sofren as persoas menores de idade foi recomendada polo **Comité de Dereitos do Neno a España en 2010**. Ademais, foi recomendada nunha Subcomisión do Congreso dos Deputados creada ad hoc en 2014 e reflectiuse nunha proposición non de lei do Congreso dos Deputados aprobada por unanimidade (2017) na que se instaba ao Goberno a presentar un proxecto de lei para a erradicación da violencia contra a infancia.

■ Dá cumprimento aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

A LOPIVI vén dar cumprimento a todo iso e sitúanos, ademais, na senda de cumprimento do **ODS 16** (promover sociedades xustas, pacíficas e inclusivas), **Meta 16.2**: poñer fin ao maltrato, á explotación, ao tráfico e a todas as formas de violencia e tortura contra os nenos.

04



Por que unha lei orgánica?

A protección integral dos nenos, nenas e adolescentes fronte á violencia afecta directamente aos dereitos fundamentais recoñecidos constitucionalmente no artigo 15 da Constitución Española (CE), que dispón que:

“Todos teñen dereito á vida e á integridade física e moral sen que, en ningún caso, poidan ser sometidos a tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes”

Neste sentido a LOPIVI sinala que o seu obxectivo é

“Garantir os dereitos fundamentais dos nenos, nenas e adolescentes, a súa integridade física, psicolóxica e moral fronte a calquera forma de violencia, asegurando o libre desenvolvemento da súa personalidade e establecendo medidas de protección integral”

Isto implica unha **protección constitucional reforzada** porque o desenvolvemento de dereitos fundamentais considérase unha materia esencial nun Estado democrático de Dereito, que se concreta principalmente en dous aspectos:

- Por un lado, o **desenvolvemento legal destes dereitos debe facerse por medio dunha lei orgánica**, unha modalidade de lei que require ser aprobada por maioría absoluta, o que garante o consenso e a estabilidade en cuestións esenciais para a orde constitucional e social. A LOPIVI foi aprobada por 297 votos a favor dun total de 350 deputados.

Non todos os preceptos da LOPIVI son orgánicos, algúns teñen natureza ordinaria (a disposición final décimo novena sinala cales son) porque o desenvolvemento do contido esencial é competencia estatal, sen prexuízo do **desenvolvemento regulamentario** dalgúns aspectos da lei e das **competencias lexislativas das comunidades autónomas** ao regular a resposta institucional á violencia contra a infancia e a adolescencia (ver capítulo 21 da guía).

- Por outro lado, **os dereitos recoñecidos no artigo 15 CE poden ser garantidos mediante un recurso preferente e sumario, así como mediante o recurso de amparo** constitucional (artigo 53.2 CE).





Que leis modifica a LOPIVI?

- **1. Código Penal:** Lei orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal: artigos 22.4ª, 39 b, 45, 46, 49, 57.1, 83.1.6ª, 107, 130.1. parágrafo 5º, 132.1, 140 bis, 143 bis, 148.3º, 156 ter, 156 quater, 156 quinquies, 177 bis 1, 180.1.3ª e 4ª, 183.4, a) e d), 183 quater, 188.3 a) e b), 189. 2, b), c) e g), 189 bis, 189 ter, 192.5, 201, 215.3, 220, 225 bis, 267, 314, 361 bis, 511, 512, 515.4º).
- **2. Código Civil,** aprobado por Real decreto de 24 de xullo de 1889: artigos 92, 154, 158, 172.5.
- **3. Lei da asistencia xurídica gratuíta** (Lei 1/1996, de 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta): artigo 2 g.
- **4. Lei 41/2002, de 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica:** artigo 15.5.
- **5. Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, de axuízamento civil (LAC):** artigos 779 e 780.
- **6. Lei de axuízamento criminal (LACrim):** aprobada por Real decreto de 14 de setembro de 1882: artigos 109 bis.1, 110, 261, 416, 449 bis, 449 ter, 544 ap. 6 e 7, 703 bis, 707, 730, 777.3, 788 e suprime os arts. 433 e 448.
- **7. Lei xeral de publicidade** (Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade): artigo 3 a.
- **8. Lei xeral penal** (Lei orgánica 1/1979, de 26 de setembro): engade artigo 66 bis.

- **9. Lei 15/2015, de 2 de xullo, da xurisdición voluntaria:** artigo 18.2.4ª.
- **10. Lei orgánica de Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (LOMPIVX):** artigo. 1.4.
- **11. Lei orgánica de protección xurídica do menor** (Lei orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuízamento civil, LOPXM): artigos 5.2.c), 15, 14 bis, 17.1 e 2, 17 bis, 20.1, 20 ter, 20 quater, 20 quinquies, 21 ter, 27, 28, 29, 30.
- **12. Lei orgánica do Poder Xudicial (LOPX):** (Lei orgánica 6/1985, de 1 de xullo): artigos 307.2, 310, 443 bis.5, 434.2, 480.3 e 4.
- **13. Lei orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (LORPM):** artigos 4 e 59.
- **14. Lei 44/2003, de 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias:** artigo 17.1 e disposición transitoria 7ª.
- **15. Lei orgánica 7/2015, de 21 de xullo, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial:** disposición transitoria 7ª.
- **16. Real decreto lexislativo 5/2000, de 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social:** artigo 8.19.
- **17. E as leis autonómicas,** que deberán adecuarse ao disposto na parte orgánica da LOPIVI.



Conceptos clave

■ Enfoque de dereitos:

A loita contra a violencia na infancia e a adolescencia é un imperativo de dereitos humanos. O recoñecemento do neno como titular de dereitos na Convención sobre os Dereitos do Neno supuxo un cambio de paradigma que permitiu superar o tradicional enfoque de necesidades propio dun modelo asistencial.

Nun modelo de protección baseado no enfoque de dereitos humanos:

■ Os poderes públicos:

- Teñen obrigas xuridicamente esixibles para garantir o gozo dos dereitos normativamente recoñecidos conforme a estándares internacionais de carácter universal.
- Abordan as causas da violencia e priorizan a prevención fronte á atención e á reparación (aínda que tamén a atenden).
- Adoptan un enfoque integral baseado na indivisibilidade e interdependencia de todos os dereitos e a corresponsabilidade de todos os suxeitos na súa garantía e gozo.
- Deben render contas da súa actuación, xa que as súas accións terán un impacto na vida dos nenos e nenas. Este impacto debe ser previamente medido e tido en conta á hora de poñer en marcha futuras accións.

- **Os nenos, nenas e adolescentes teñen dereito a participar** na vida pública e en todas aquelas decisións que lles poidan afectar, de forma directa ou indirecta. Non son meros receptores de axudas decididas en función da conxuntura política e a dispoñibilidade de recursos.

■ Protección integral:

O concepto de protección integral dos nenos e nenas está intimamente relacionado co concepto de enfoque de dereitos.

A obriga de protección do Estado **non pode limitarse só á intervención reactiva** en casos de desprotección dos dereitos dos nenos polos seus responsables parentais, senón que debe comezar antes coa promoción e a prevención da vulneración de dereitos e da separación do neno do seu medio familiar, e debe comprender, ademais da atención, a reparación posterior. É dicir, a protección integral fai referencia á totalidade do “ciclo da vulneración” de dereitos.

O enfoque integral baséase tamén na **universalidade dos dereitos humanos** e, polo tanto, na obriga de garantir estes dereitos a todos os nenos, nenas e adolescentes sen discriminación ningunha e non só a aqueles que os visen efectivamente vulnerados ou en risco.

A integralidade refírese ás medidas que deben adoptarse para garantir o dereito do neno á protección. Segundo a Convención sobre os Dereitos do Neno, deben ser **todas as necesarias para asegurar o gozo deses dereitos**; non só as medidas xurídicas (leis, regulamentos, resolucións administrativas e resolucións xudiciais) ou económicas (axudas). Así, deben adoptarse tamén plans e políticas polos distintos niveis de goberno, medidas estatísticas, orzamentarias, educativas ou incluso de cooperación internacional.

A integralidade apela tamén aos **suxeitos obrigados a garantir a protección** do neno, que son todos, non só as familias e o Estado no seu conxunto (lexislador, Administracións e xuíces), senón tamén os profesionais que traballan con e para a infancia, así como a sociedade civil e o sector empresarial. Toda esta trama de medidas de diversa índole que deben adoptarse por todos os suxeitos, públicos e privados, para garantir a protección dos dereitos de todos os nenos e nenas, incluso antes da súa efectiva vulneración, é o que se coñece como **sistema de protección da infancia e a adolescencia**.

A LOPIVI dispón que todos os suxeitos (familias, poderes públicos, sociedade civil e sector privado) están obrigados a protexer a todos os nenos, nenas e adolescentes fronte á violencia mediante todas as medidas de aplicación xeral da Convención sobre os Dereitos do Neno (artigo 4 CDN, observación xeral núm. 5 do Comité), priorizando a prevención e a abordaxe das causas que a xeran e con especial atención aos colectivos en situación de especial vulnerabilidade.

■ **Violencia:**

A LOPIVI contén unha definición de violencia que vai incluso máis lonxe que o propio artigo 19 CDN (artigo 1.2 LOPIVI):

“Para os efectos desta lei, enténdese por violencia toda acción, omisión ou trato negligente que priva ás persoas menores de idade dos seus dereitos e benestar, que ameaza ou interfere o seu ordenado desenvolvemento físico, psíquico ou social, con independencia da súa forma e medio de comisión, incluída a realizada a través das tecnoloxías da información e a comunicación, especialmente a violencia dixital.

En calquera caso, entenderase por violencia:

- O maltrato físico, psicolóxico ou emocional.
- Os castigos físicos, humillantes ou denigrantes.
- O descoido ou trato negligente.
- As ameazas, inxurias e calumnias.
- A explotación, incluíndo a violencia sexual, a corrupción, a pornografía infantil, a prostitución.
- O acoso escolar, o acoso sexual, o ciberacoso.
- A violencia de xénero.
- A mutilación xenital.
- O tráfico de seres humanos con calquera fin.
- O matrimonio forzado, o matrimonio infantil.
- O acceso non solicitado a pornografía.
- A extorsión sexual.
- A difusión pública de datos privados.
- A presenza de calquera comportamento violento no seu ámbito familiar”

■ Bo trato:

Da interpretación conxunta do artigo 19 CDN cos artigos 2, 3, 6 e 12 CDN resulta un principio e un dereito fundamental na LOPIVI: o bo trato.

A lei non se conforma con habilitar un marco para a eliminación da violencia contra a infancia, senón que, ademais, impón o bo trato a nenas, nenos e adolescentes para garantir o seu desenvolvemento holístico atendendo ao interese superior de cada neno garantindo a súa participación na súa avaliación e determinación e sen discriminación ningunha. De aí que o obxecto da lei sexa a garantía dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes á súa integridade fronte a calquera forma de violencia *asegurando o libre desenvolvemento da súa personalidade* (artigos 10 e 15 da CE), o que, sen dúbida, vai máis aló da mera eliminación daquela.

O bo trato que a LOPIVI menciona en distintos apartados defínese no artigo 1.3 LOPIVI nos seguintes termos:

“Enténdese por bo trato para os efectos da presente lei aquel que, respectando os dereitos fundamentais dos nenos, nenas e adolescentes, promove activamente os principios de respecto mutuo, dignidade do ser humano, convivencia democrática, solución pacífica de conflitos, dereito a igual protección da lei, igualdade de oportunidades e prohibición de discriminación dos nenos, nenas e adolescentes”

■ Ambientes seguros:

A eliminación da violencia e o bo trato deben garantirse en todos os ámbitos nos que se desenvolve a vida de nenos, nenas e adolescentes. Estes ámbitos conceptúanse na LOPIVI como ambientes seguros e defínense no seu artigo 3.m) nos seguintes termos:

“Entenderase como ambiente seguro aquel que respecte os dereitos da infancia e promova un ámbito protector físico, psicolóxico e social, incluído o ámbito dixital”

Os ámbitos que son cualificados como ambientes seguros na LOPIVI son os seguintes:

- A familia (artigo 26.1 LOPIVI).
- Os centros educativos (artigo 31.3 LOPIVI).
- Ámbito deportivo e de ocio (artigo 47 LOPIVI).
- Ámbito dixital (artigo 46.2 LOPIVI).
- Os centros de protección (artigo 53.1 LOPIVI).

Non se fai esta mención de maneira expresa en relación cos servizos sociais e os sanitarios, pero poden entenderse incluídos se atendemos ao que di o artigo 12 LOPIVI en relación co dereito á atención integral:

“As Administracións públicas procurarán que a atención ás persoas menores vítimas de violencia se realice en espazos que contén cun ambiente amigable adaptado á nena, neno ou adolescente”



Dereitos específicos dos nenos, nenas e adolescentes fronte á violencia

Con carácter xeral, garántense a todos os nenos, nenas e adolescentes os dereitos recoñecidos na LOPIVI, debendo as Administracións públicas poñer á súa disposición os medios necesarios para o seu efectivo exercicio (artigo 9.1 e 2 LOPIVI).

■ Cales son?

- Dereito a que a súa **orientación sexual e identidade de xénero**, sentida ou expresada, sexa respectada en todos os ambientes da vida, así como a recibir apoio e asistencia precisos cando sexan vítimas de discriminación ou violencia por tales motivos (artigo 9.3 LOPIVI).
- Dereito de **información e asesoramento** sobre as medidas contempladas na LOPIVI e sobre os mecanismos ou canles de información ou denuncia existentes (artigo 10 LOPIVI).
- Dereito das vítimas a seren **escoitadas con todas as garantías e sen límite de idade** nos procedementos administrativos, xudiciais e de toda índole relacionados coa acreditación da violencia e a reparación das vítimas (artigo 11 LOPIVI).
- Dereito á **atención integral**, que comprenderá as seguintes medidas:
 - a) información e acompañamento psicosocial, social e educativo ás vítimas;
 - b) seguimento das denuncias ou reclamacións;
 - c) atención terapéutica de carácter sanitario, psiquiátrico e psicolóxico para a vítima e, no seu caso, a unidade familiar;
 - d) apoio formativo, especialmente en materia de igualdade, solidariedade e diversidade;
 - e) información e apoio ás familias e, se fose necesario e estivese obxectivamente fundada a súa necesidade, seguimento psicosocial, social e educativo da unidade familiar;
 - f) facilitación de acceso a redes e servizos públicos;
 - g) apoio á educación e inserción laboral;
 - h) acompañamento e asesoramento nos procedementos xudiciais nos que deba intervir, se fose necesario (artigo 12 LOPIVI).

- **Lexitimación para defender os seus dereitos e intereses nos procedementos xudiciais** que traian causa dunha situación de violencia contra nenos, nenas ou adolescentes. Como regra xeral, a defensa deses dereitos realizarase a través dos seus representantes legais ou do defensor xudicial designado polo órgano xurisdiccional cando exista conflito de intereses (artigo 13).
- Dereito á **asistencia xurídica gratuita** (artigo 14).

■ **As Oficinas de Atención á Vítima (OAV)**

As OAV teñen un rol novidoso e destacado na LOPIVI porque terán que encargarse de:

- Prestar a asistencia e o apoio necesario para garantir a nenas, nenos e adolescentes o adecuado exercicio dos dereitos previstos na LOPIVI.
- Actuar como mecanismo de coordinación do resto de recursos e servizos de protección das persoas menores de idade (artigo 9.4 LOPIVI).



A participación e o dereito a ser escoitado de nenos, nenas e adolescentes

Un dos aspectos transversais da LOPIVI é o incremento e a mellora da participación das nenas, nenos e adolescentes e do seu dereito a ser escoitados que terá un rol fundamental na loita fronte á violencia contra a infancia e a adolescencia.

Así, entre os fins que persegue a LOPIVI está:

“Reforzar o exercicio do dereito dos nenos, nenas e adolescentes a seren oídos e escoitados e a que as súas opinións sexan tidas en conta debidamente en contextos de violencia contra eles, asegurando a súa protección e evitando a súa vitimización secundaria”.
(artículo 3.e LOPIVI).

“Fortalecer o marco civil, penal e procesual para asegurar a tutela xudicial efectiva dos nenos, nenas e adolescentes vítimas de violencia” (artigo 3.f LOPIVI).

Estes fins refórzanse cos **criterios xerais** de interpretación e actuación:

“Reforzar a autonomía e capacitación das persoas menores de idade para a detección precoz e adecuada reacción ante posibles situacións de violencia exercida sobre eles ou sobre terceiros” (artigo 4.1.g).

“Asegurar o exercicio do dereito de participación dos nenos, nenas e adolescentes en toda toma de decisións que lles afecte” (artigo 4.1.n LOPIVI).

Estes fins e principios concrétanse en previsións legais ao longo de todo o articulado da LOPIVI:

- **Dereito de información e asesoramento** (artigo 10 LOPIVI): sobre as medidas contempladas nesta lei que lles sexan directamente aplicables, así como sobre os mecanismos ou canles de información ou denuncia existentes.
- **Dereito das vítimas menores de idade a ser escoitadas** (artigo 11 LOPIVI): os poderes públicos garantirán que as nenas, nenos e adolescentes sexan oídos e escoitados con todas as garantías e sen límite de idade, asegurando, en todo caso, que este proceso sexa universalmente accesible en todos os procedementos administrativos, xudiciais ou doutra índole relacionados coa acreditación da violencia e a reparación das vítimas. O dereito a ser oídos dos nenos, nenas e adolescentes só poderá restrinxirse, de maneira motivada, cando sexa contrario ao seu interese superior.
- **Lexitimación para a defensa dos seus dereitos e intereses nos procedementos xudiciais que traian causa dunha situación de violencia** (artigo 13 LOPIVI): os nenos, nenas e adolescentes vítimas de violencia están lexitimados para defender os seus dereitos e intereses en todos os procedementos xudiciais que traian causa dunha situación de violencia.
- **Dereito á asistencia xurídica gratuíta** (artigo 14 LOPIVI): as persoas menores de idade vítimas de violencia teñen dereito á defensa e representación gratuítas por avogado e procurador de conformidade co disposto na Lei de asistencia xurídica gratuíta.
- **Comunicación de situacións de violencia por parte de nenos, nenas e adolescentes** (artigo 17 LOPIVI): os nenos, nenas e adolescentes que fosen vítimas de violencia ou presencien algunha situación de violencia sobre outra persoa menor de idade, poderán comunicalo, persoalmente ou a través dos seus representantes legais, aos servizos sociais, ás Forzas e Corps de Seguridade, ao Ministerio Fiscal ou á autoridade xudicial e, no seu caso, á Axencia Española de Protección de Datos.
- **Deberes de información dos centros educativos e establecementos residenciais** (artigo 18 LOPIVI) aos nenos, nenas e adolescentes ao comezo de curso ou no momento do ingreso sobre os procedementos e as persoas responsables para canalizar as queixas ou denuncias.
- **Participación preceptiva establecida legalmente na elaboración da estratexia de erradicación da violencia sobre a infancia e a adolescencia** (artigo 21.1 LOPIVI): na elaboración da estratexia contarase coa participación de nenos, nenas e adolescentes a través do Consello Estatal de Participación da Infancia e da Adolescencia.
- **Creación do Consello Estatal de Participación da Infancia e da Adolescencia** (disposición final sétima LOPIVI): o Goberno, no prazo de seis meses dende a aprobación da LOPIVI, procederá á creación do Consello Estatal de Participación da Infancia e da Adolescencia, de modo que se garanta o exercicio efectivo do dereito de participación na formulación, aplicación e avaliación de plans, programas e políticas nacionais que afectan a nenos, nenas e adolescentes.

A Orde [DSA/1009/2021](#), de 22 de setembro creou o Consello de Participación da Infancia e Adolescencia como órgano permanente e estable de consulta, representación e de participación das nenas, nenos e adolescentes. Formarán parte del 34 nenos, nenas e adolescentes entre os 8 e os 17 anos que serán propostos por estruturas organizativas municipais e autonómicas, así como por organizacións de implantación estatal que contén con canles de participación infantil.

- **Considéranse actuacións de prevención** as que promovan a información dirixida aos nenos, nenas e adolescentes, a participación infantil e xuvenil, así como a implicación das persoas menores de idade nos propios procesos de sensibilización e prevención (artigo 23.3.e LOPIVI).
- As Administracións públicas competentes promoverán a **capacitación das persoas menores de idade** para que conten con ferramentas para detectar situacións de violencia (artigo 25.3 LOPIVI).
- No ámbito **familiar**:
 - Como medidas preventivas contémpase a **promoción da educación e o desenvolvemento de estratexias básicas e fundamentais para a adquisición de valores e competencias emocionais** nos nenos e nenas en función do seu grao de madureza (artigo 26.3 LOPIVI).
 - Nas **situacións de ruptura familiar** impulsaranse os gabinetes psicosociais dos xulgados e os servizos de mediación e conciliación con pleno respecto á autonomía dos nenos, nenas e adolescentes implicados (artigo 28.b LOPIVI).
- No ámbito **educativo**:
 - Os nenos, nenas e adolescentes en todas as etapas educativas e independentemente da titularidade do centro, **recibirán, de forma transversal, unha educación que inclúa a súa participación** (artigo 30, parágrafo segundo).
 - **Os códigos de conduta dos centros educativos** deberán ser consensuados tamén cos alumnos (artigo 31.2 LOPIVI).
 - **Formación en dereitos, seguridade e responsabilidade dixital** (artigo 33 LOPIVI).
 - **Na regulación dos protocolos de actuación para o ámbito educativo** as Administracións educativas contarán coa participación dos nenos, nenas e adolescentes (artigo 31.1 LOPIVI).
- **Garantía do acceso á información, servizos de tratamento e recuperación no ámbito sanitario** (artigo 39.3 LOPIVI).
- As Administracións públicas realizarán **campañas sobre o uso seguro de Internet dirixidas aos nenos, nenas e adolescentes** e poñerán á súa disposición un **servizo específico de axuda en liña que lles ofrezca asistencia e asesoramento** (artigo 45 LOPIVI).
- O **delegado de Protección no ámbito deportivo será a persoa responsable á que as nenas, nenos e adolescentes poidan acudir para expresar as súas inquiredanzas** (artigo 48.1 LOPIVI).
- Permitirase ás persoas menores de idade que así o soliciten **formular denuncia por si mesmas e sen necesidade de estar acompañadas de persoa adulta** (artigo 50.2 e LOPIVI).

- **Nos centros de protección estableceranse mecanismos de queixa e denuncia** sinxelos, accesibles, seguros e confidenciais para asegurar que os nenos, nenas e adolescentes poidan comunicarse e ser tratados sen risco de sufrir represalias. As respostas a estas queixas serán susceptibles de ser recorridas. En todo caso, teñen dereito a remitir queixas de forma confidencial ao Ministerio Fiscal, á autoridade xudicial competente e ao Defensor do Pobo ou ante as institucións autonómicas homólogas (artigo 53.1.b LOPIVI).
- Na **determinación do interese superior do neno presumirase que existe un conflito de interese** cando a opinión da persoa menor de idade sexa contraria á medida que se adopte sobre ela ou supoña unha restrición dos seus dereitos (artigo 2.5 LOPXM, modificado pola disposición final oitava da LOPIVI).
- Están lexitimados para **formular oposición ás resolucións administrativas** en materia de protección de menores (artigo 780 LAC).
- Modificación da Lei **da xurisdición voluntaria** (artigo 18.2.4ª LXV) para asegurar o dereito do neno, nena e adolescente a ser escoitado nos expedientes do seu interese, salvagardando o seu dereito de defensa, a expresarse libremente e garantindo a súa intimidade (disposición final décimo quinta LOPIVI).
- Regulación sobre a **proba preconstituída** (artigo 449 bis LACrim). A proba preconstituída é un instrumento adecuado para garantir que os nenos e nenas son escoitados e evitar a vitimización secundaria, particularmente eficaz cando as vítimas son persoas menores de idade ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección.

Atendendo á súa especial vulnerabilidade, establécese a súa obrigatoriedade cando a testemuña sexa unha persoa menor de catorce anos ou unha persoa con discapacidade necesitada de especial protección. Nestes supostos a autoridade xudicial, practicada a proba preconstituída, só poderá acordar motivadamente a súa declaración no acto do xuízo oral cando, interesada por unha das partes, se considere necesario. Polo tanto, convértese en excepcional a declaración en xuízo dos menores de catorce anos ou das persoas con discapacidade necesitadas de especial protección, establecéndose como norma xeral a práctica da proba preconstituída en fase de instrución e a súa reprodución no acto do xuízo evitando que o lapso temporal entre a primeira declaración e a data de xuízo oral afecten á calidade do relato, así como a vitimización secundaria de vítimas especialmente vulnerables.



A comunicación de situacións de violencia

Para que o sistema de protección poida responder da forma máis eficaz ás situacións de violencia, é necesario articular mecanismos que permitan ter coñecemento do maior número posible de casos. Para iso, é fundamental que **todas as persoas que teñan coñecemento dunha posible situación de violencia o denuncien á autoridade competente.**

Unha denuncia é unha comunicación á autoridade competente duns feitos que poden supoñer violencia contra unha persoa menor de idade. Por si soa **non pon en marcha ningún procedemento** nin outorga ao que a presenta a condición de parte nun procedemento. Óptase pola expresión “comunicación” para reforzar a idea de que con ela se persegue por enriba de todo contribuír á protección do neno e, só en segunda instancia, perseguir e sancionar o agresor.

A LOPIVI amplía a regulación do deber de comunicación que xa establecía a LOPXM contemplando distintas actuacións en función do suxeito que comunica e da gravidade da conduta.

■ Deber de comunicación xeral (artigo 15 LOPIVI):

Quen son titulares deste deber?

“Toda persoa”, calquera membro da sociedade, teña ou non relación co neno.

Situacións:

Se advirte indicios dunha situación de violencia exercida sobre unha persoa menor de idade ➡ obriga de comunicalo de forma inmediata á autoridade competente.

Se os feitos puidesen ser constitutivos de delito ➡ obriga de comunicalo ás Forzas e Corpos de Seguridade, ao Ministerio Fiscal ou á autoridade xudicial.

Atención inmediata:

A devandita comunicación enténdese sen prexuízo de prestar á vítima a atención inmediata que poida necesitar.

■ Deber de comunicación acreditado (artigo 16 LOPIVI):

Quen son titulares deste deber?

Aquelas persoas que, por razón do seu cargo, profesión, oficio ou actividade, teñan encomendada a asistencia, o coidado, o ensino ou a protección de nenos, nenas ou adolescentes e, no seu exercicio, tivesen coñecemento dunha situación de violencia exercida sobre eles.

En todo caso, considéranse incluídos neste suposto o persoal acreditado dos centros sanitarios, dos centros escolares, dos centros de deporte e ocio, dos centros de protección á infancia e de responsabilidade penal de menores, centros de acollida de asilo e atención humanitaria dos establecementos nos que residan habitualmente ou temporalmente persoas menores de idade e dos servizos sociais.

Situacións:

Cando algunha das citadas persoas tivese coñecemento ou advertise indicios da existencia dunha posible situación de violencia dunha persoa menor de idade ➡ deberá comunicalo de forma inmediata aos servizos sociais competentes.

Cando da devandita violencia puidese resultar que a saúde ou a seguridade da persoa menor de idade se atopase ameazada ➡ deberá comunicalo de forma inmediata ás Forzas e Corpos de Seguridade e/ou ao Ministerio Fiscal.

Cando advertise unha posible infracción da normativa sobre protección de datos persoais ➡ deberá comunicalo de forma inmediata á Axencia Española de Protección de Datos.

Outros deberes:

Prestar á vítima a atención inmediata que necesite, facilitarlle toda a información de que dispoñan e prestar a máxima colaboración coas autoridades competentes.

■ Deber de comunicación de contidos ilícitos en Internet (artigo 19 LOPIVI).

Quen son titulares deste deber?

Toda persoa, física ou xurídica.

Situacións:

Cando advirtan a existencia de contidos dispoñibles en Internet que constitúan unha forma de violencia contra unha persoa menor de idade ➡ están obrigados a comunicalo á autoridade competente.

Se os feitos puidesen ser constitutivos de delito ➡ obriga de comunicalo ás Forzas e Corpos de Seguridade, ao Ministerio Fiscal ou á autoridade xudicial.

Canles accesibles e seguras de denuncia:

As Administracións públicas deben garantir a dispoñibilidade de canles accesibles e seguras de denuncia. Estas canles poderán ser xestionadas por liñas de denuncia homologadas por redes internacionais en colaboración coas Forzas e Corpos de Seguridade.

■ **Comunicación das situacións de violencia polos propios nenos, nenas e adolescentes**

Tamén os nenos, nenas e adolescentes deben poder comunicar as situacións de violencia sufridas ou coñecidas por eles (artigo 17 LOPIVI) de acordo co seu dereito a ser escoitados (artigo 12 CDN e 9 LOPXM).

Como?

Poden facelo persoalmente ou a través dos seus representantes legais.

A quen?

Aos servizos sociais, ás Forzas e Corpos de Seguridade, ao Ministerio Fiscal ou á autoridade xudicial e, no seu caso, á Axencia Española de Protección de Datos.

Mecanismos de comunicación:

As Administracións públicas establecerán mecanismos de comunicación seguros, confidenciais, eficaces, adaptados e accesibles e garantirán a existencia e o apoio de medios electrónicos de comunicación, como liñas telefónicas.

■ **Deber de información aos nenos, nenas e adolescentes (artigo 18 LOPIVI):**

Para que os nenos poidan exercer esta facultade de comunicación das situacións de violencia nos centros educativos e nos centros de protección, dispónse o deber de informalos sobre os mecanismos que existen á súa disposición.

Cando? Ao comezo do curso escolar e no momento do ingreso do neno no centro.

Que? Información sobre:

- Os procedementos de comunicación de situacións de violencia.
- As persoas responsables.
- Os medios electrónicos de comunicación.

Como? A información deberá estar dispoñible en formatos accesibles e permanentemente actualizada nun lugar visible e accesible.

■ **Protección e seguridade dos nenos, nenas e adolescentes que comunican situacións de violencia (artigo 20.2 LOPIVI):**

Os centros educativos e de ocio e tempo libre, así como os establecementos nos que habitualmente residan persoas menores de idade adoptarán todas as medidas necesarias para garantir a protección e seguridade dos nenos, nenas e adolescentes que comuniquen unha situación de violencia.

■ Protección da persoa que fai a comunicación (artigo 20 LOPIVI)

A protección das persoas obrigadas a comunicar unha situación de violencia contra un neno ou nena resulta clave para evitar que se inhiban de facelo por temor a consecuencias nocivas para elas.

As Administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, establecerán os mecanismos oportunos para garantir **a confidencialidade, protección e seguridade** das persoas que puxesen en coñecemento das autoridades estas situacións.

Tamén as autoridades xudiciais poderán adoptar medidas, neste sentido, no seo dun proceso xudicial.



Contratación de profesionais

■ Regulación: artigos 57 a 60 LOPIVI

Regúlase de maneira máis detallada a medida incorporada pola Lei 26/2015 sobre a existencia dunha **certificación negativa do rexistro de delincuentes sexuais** para poder realizar traballos que impliquen o contacto con nenos, nenas e adolescentes.

Esta previsión é unha medida eficaz para a detección de persoas que poidan exercer violencia sexual contra os nenos.

Prohibición xeral de contratar:

Queda prohibido que as empresas e entidades dean ocupación en calquera profesión, oficio e actividade que implique contacto habitual con persoas menores de idade **a quen teña antecedentes no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Tráfico de Seres Humanos** (57.3 LOPIVI).

Que se debe acreditar?

A inexistencia de sentenza firme condenatoria por calquera delito contra a liberdade e indemnidade sexuais tipificados no título VIII do Código Penal ou por delito de tráfico de seres humanos para poder exercer calquera profesión, oficio ou actividade que implique contacto habitual con persoas menores de idade.

Como?

Haberá que obter unha **certificación negativa** do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, que pasa a denominarse na LOPIVI Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Tráfico de Seres Humanos.

Os antecedentes que figuren como cancelados non se tomarán en consideración para os efectos de limitar o acceso e exercicio de profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con persoas menores de idade (artigo 60.1 LOPIVI).

Que profesionais deben obtelo? (artigo 57 LOPIVI)

Quen exerza **profesións, oficios e actividades que implican contacto habitual con nenos e nenas:**

- Poden ser retribuídas ou non.
- Deben supoñer o trato repetido, directo e regular e non meramente ocasional con nenos, nenas ou adolescentes.
- Todas aquelas que teñan como destinatarios principais a persoas menores de idade.
- Inclúese a quen traballa por conta allea e a quen realice actividades en réxime de voluntariado (artigo 59 LOPIVI).

Que efectos ten?

- Se xa existe condena ➡ imposibilidade legal de contratación.
- Se a condena é sobrevida tras a contratación ➡ cesamento inmediato da relación laboral por conta allea ou das prácticas non laborais, aínda que en atención ás circunstancias, a empresa pode efectuar un cambio de posto de traballo sempre que a nova ocupación impida o contacto habitual con persoas menores de idade.

Que responsabilidade ten a persoa traballadora ou voluntaria?

É obriga do traballador por conta allea comunicar ao seu empregador calquera cambio que se produza no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e Tráfico de Seres Humanos respecto da existencia de antecedentes, incluso dos que deriven de feitos anteriores ao inicio da súa relación laboral.

Que responsabilidade ten a empresa ou entidade de voluntariado?

A empresa que incumpra a obriga de esixir a certificación negativa de antecedentes sexuais quedará suxeita ao réxime sancionador que estableza legalmente a comunidade autónoma respectiva (artigo 59.3 LOPIVI).



Formación e capacitación

■ Regulación: artigo 5 LOPIVI

A formación e a capacitación son elementos clave para mellorar a detección das situacións de violencia e a resposta que se lle dá a estas situacións dende todos os ámbitos.

A LOPIVI outorga unha importancia capital á **formación en materia de dereitos da infancia e da adolescencia**:

- As **encargadas de promover e garantir esta formación son as Administracións** públicas (estatais, autonómicas e locais) no ámbito das súas respectivas competencias.
- Debe ser **especial, inicial e continua, en dereitos** da infancia e da adolescencia.
- Débese dirixir **aos profesionais que teñan un contacto habitual** coas persoas menores de idade. Ademais especifica que:
 - O persoal docente e educador deberá recibir formación específica en materia de educación inclusiva.
 - Os colexios de avogados e procuradores facilitarán aos seus membros acceso a formación específica sobre aspectos materiais e procesuais sobre violencia contra a infancia e a adolescencia, e a programas de formación continua sobre loita para erradicar a violencia contra a infancia e a adolescencia. (5.3).
 - Tamén os nenos, nenas e adolescentes son destinatarios de accións formativas relevantes, como as relativas a dereitos, seguridade e responsabilidade dixital (artigo 33 LOPIVI).

■ **Contido mínimo** (que terá en conta a perspectiva de xénero, de discapacidade, e doutros grupos de nenos en situación de especial vulnerabilidade):

- A educación na prevención e detección precoz de toda forma de violencia á que se refire esta lei.
- As actuacións que se levarán a cabo unha vez que se detectaron indicios de violencia.
- A formación específica en seguridade e uso seguro e responsable de Internet, incluíndo cuestións relativas ao uso intensivo e xeración de trastornos condutuais.
- O bo trato aos nenos, nenas e adolescentes.
- A identificación dos factores de risco e dunha maior exposición e vulnerabilidade ante a violencia.
- Os mecanismos para evitar a vitimización secundaria.
- O impacto dos roles e estereotipos de xénero na violencia que sofren os nenos, nenas e adolescentes.

A implicación da educación superior na erradicación da violencia contra a infancia e a adolescencia (artigos 36 e 37 LOPIVI):

Os centros de educación superior (principalmente as universidades) deberán incorporar os dereitos da infancia nas súas funcións esenciais tanto académicas como de investigación:

- Nos plans de estudo que conducen ao exercicio de profesións que supoñen o contacto habitual con nenos, nenas e adolescentes (sanitarias, sociais, educativas, xornalísticas, xurídicas, deportivas, etc.) deberán incluírse contidos específicos sobre prevención, detección precoz e intervención en casos de violencia contra a infancia e a adolescencia, tendo ademais en conta a perspectiva de xénero.
- Deberase promover a investigación sobre os dereitos do neno neses mesmos ámbitos académicos.



Niveis e ámbitos de actuación

A integralidade da protección abarca todas as medidas necesarias para garantir o dereito do neno á integridade física e psicolóxica en todos os espazos nos que se atope.

Deixando neste momento a un lado as medidas de tipo penal e procesual, xa existentes na lexislación anterior á LOPIVI, a novidade principal que esta lei presenta é a identificación dunha serie de niveis e ámbitos de actuación nos que debe garantirse o dereito do neno, nena ou adolescente a non sufrir violencia e a ser ben tratado.

■ NIVEIS:

- Sensibilización
- Prevención
- Detección precoz

■ ÁMBITOS:

- Familiar
- Educativo
- De intervención social
- Centros de protección
- Sanitario
- Deportivo e de ocio
- Dixital
- Policial

A combinación de ambos identifica as medidas que se deben adoptar e os suxeitos responsables.





Niveis de actuación

■ A. Sensibilización

Regulación: artigo 22 LOPIVI (sen prexuízo das numerosas mencións que aparecen ao longo do articulado a medidas concretas de sensibilización).

A eliminación da violencia contra a infancia e a promoción da cultura do bo trato cara ás persoas menores de idade non poderán alcanzarse mediante medidas exclusivamente legais. É **fundamental sensibilizar a sociedade** sobre a realidade e as consecuencias da violencia contra a infancia e a adolescencia como base para avanzar nos fins da LOPIVI.

Por iso, un dos **fins** da LOPIVI é precisamente:

“Garantir a implementación de medidas de sensibilización para o rexeitamento e eliminación de todo tipo de violencia sobre a infancia e a adolescencia, dotando aos poderes públicos, aos nenos, nenas e adolescentes e ás familias, de instrumentos eficaces en todos os ámbitos, das redes sociais e Internet, especialmente no familiar, educativo, sanitario, dos servizos sociais, do ámbito xudicial, das novas tecnoloxías, do deporte e o ocio, da Administración de Xustiza e das Forzas e Corpos de Seguridade” (artigo 3.a LOPIVI).

A sensibilización realizarase principalmente mediante **campañas e accións concretas de información que as Administracións públicas deben promover**, destinadas a concienciar a sociedade sobre o dereito dos nenos, nenas e adolescentes a recibir un bo trato (artigo 22.1 LOPIVI):

- Serán avaliáveis e baseadas na evidencia.
- Incluirán medidas contra aquelas condutas, discursos e actos que favorecen a violencia sobre a infancia e a adolescencia nas súas distintas manifestacións, incluída a discriminación, a criminalización e o odio.

Outras medidas de sensibilización que se deben impulsar:

- Campañas específicas para promover un **uso seguro e responsable de Internet**: serán accesibles, diferenciando por tramos de idade e con especial atención a persoas menores de idade con discapacidade (artigo 22.2 LOPIVI).
- Outras actuacións de sensibilización previstas:
 - Sobre radicalización de nenos, nenas e adolescentes (artigo 24 LOPIVI).
 - Para evitar a promoción intrafamiliar do matrimonio infantil, o abandono dos estudos e a asunción de compromisos laborais e familiares non acordes coa idade (artigo 26.3.j LOPIVI).

■ B. A prevención da violencia contra a infancia

Regulación: artigo 23 (sen prexuízo das numerosas mencións que aparecen a o longo do articulado a medidas concretas de prevención nos distintos ámbitos de actuación).

Toda forma de violencia contra a infancia pódese previr.

A prevención da violencia contra a infancia é o segundo dos niveis de actuación.

A **prevención da vulneración de dereitos debe ter carácter prioritario** fronte ás respostas consistentes na atención a vítimas e a súa reparación (aínda que non se deban deixar de facer). A prevención é, pois, a base da regulación da LOPIVI, que é unha lei eminentemente preventiva, tal e como establece nos seus fins (artigo 3.b LOPIVI).

Plans e programas de prevención

A prevención levarase a cabo esencialmente **mediante plans e programas enmarcados na Estratexia Nacional** para a Erradicación da Violencia contra a Infancia e Adolescencia:

- Comprenderán **medidas específicas por ámbitos**: familiar, educativo, sanitario, dos servizos sociais, das tecnoloxías da información, do deporte e o ocio e das Forzas e Corps de Seguridade.
- Serán **avaliados** nos termos que establezan as Administracións competentes.
- Identificaranse, conforme aos factores de risco, **as nenas, nenos e adolescentes en situación de especial vulnerabilidade** e os grupos específicos de alto risco co fin de priorizar as medidas e recursos que contemplan.

As **actuacións** en materia de prevención están recollidas no artigo 23.3.

■ C. A detección precoz da violencia

Regulación: artigo 25

Un dos fins principais da lei é a detección precoz da violencia, pois permite **intervir evitando que a situación se agrave**.

A detección require principalmente formación específica e debe levarse a cabo polas persoas que habitualmente atenden a infancia e a adolescencia.

Como medidas concretas para mellorar a detección e conseguinte comunicación e intervención nas situacións de violencia a lei contempla:

■ A formación de profesionais:

As Administracións públicas **desenvolverán anualmente programas de formación inicial e continua** destinada aos profesionais cuxa actividade requira estar en contacto habitual con nenas, nenos e adolescentes co obxectivo de poder detectar precozmente a violencia exercida contra eles e que poida ser comunicada adecuadamente.

■ A capacitación dos nenos, nenas e adolescentes:

Tamén contempla a formación **dos propios nenos** para detectar as situacións de violencia e poder responder adecuadamente fronte a elas.





Ámbitos de actuación



ÁMBITO FAMILIAR

Regulación: artigos 26 a 29 LOPIVI

A **Convención sobre os Dereitos do Neno** parte, en primeiro lugar, da consideración dos **país como principais** e primeiros responsables dos fillos (artigo 18.1 CDN). Fronte a esta responsabilidade, o **papel dos poderes públicos** será velar por que os pais atendan a súa responsabilidade de crianza dos fillos e fillas da mellor maneira posible.

A LOPIVI parte deste rol fundamental da familia e do papel subsidiario do Estado, desenvolvéndoo como o primeiro dos ámbitos de actuación.

A familia como ambiente seguro (artigo 26.1 e 2 LOPIVI)

Para crear un ambiente seguro, **as Administracións públicas deberán:**

- Proporcionar ás familias, nas súas múltiples formas, e a aquelas persoas que convivan habitualmente con nenos, nenas e adolescentes, o **apoio necesario** para previr dende a primeira infancia factores de risco e fortalecer os factores de protección.
- **Apoiar o labor educativo e protector dos proxenitores**, ou de quen exerza funcións de tutela, garda ou acollemento, para que poidan desenvolver adecuadamente o seu rol parental ou tutelar.

Esta declaración xeral débese **concretar nos plans e programas de prevención** que haberán de incluír, como mínimo, unha análise da situación da familia que permita identificar as súas necesidades e determinar os obxectivos e medidas que se deben aplicar.

Medidas de prevención no ámbito familiar (artigo 26.3)

Les mesures de prevenció en l'àmbit familiar han d'estar enfocades a:

- a) Promover o bo trato, a corresponsabilidade e o exercicio da parentalidade positiva.
- b) Promover a educación e o desenvolvemento de estratexias básicas e fundamentais para adquirir valores e competencias emocionais, tanto nos responsables parentais como nos propios nenos, nenas e adolescentes, en función do seu grao de madurez.
- c) Promover a atención ás mulleres durante o período de xestación e facilitar o bo trato prenatal.
- d) Proporcionar un ambiente obstétrico e perinatal seguro para a nai e o bebé.

- e) Desenvolver programas de formación a adultos e a nenos, nenas e adolescentes en habilidades para a negociación e resolución de conflitos intrafamiliares.
- f) Adoptar programas dirixidos á promoción de formas positivas de aprendizaxe, así como a erradicar o castigo con violencia física ou psicolóxica no ámbito familiar.
- g) Crear os servizos necesarios de información e apoio profesional aos nenos, nenas e adolescentes co fin de que teñan a capacidade necesaria para detectar precozmente e rexeitar calquera forma de violencia.
- h) Proporcionar a orientación, formación e apoios ás familias dos nenos, nenas e adolescentes con discapacidade.
- i) Desenvolver programas de formación e sensibilización encamiñados a evitar a promoción intrafamiliar do matrimonio infantil, o abandono dos estudos e a asunción de compromisos laborais e familiares non acordes coa idade.

A parentalidade positiva como actuación preventiva fundamental no ámbito familiar

Definición de parentalidade positiva na LOPIVI:

“Para os efectos desta lei, enténdese por parentalidade positiva o comportamento dos proxenitores, ou de quen exerza funcións de tutela, garda ou acollemento, fundamentado no interese superior do neno, nena ou adolescente e orientado a que a persoa menor de idade creza nun ambiente afectivo e sen violencia que inclúa o dereito a expresar a súa opinión, a participar e ser tomado en conta en todos os asuntos que lle afecten, a educación en dereitos e obrigas, favoreza o desenvolvemento das súas capacidades, ofrezca recoñecemento e orientación, e permita o seu pleno desenvolvemento en todas as ordes (artigo 26.3.a LOPIVI)”

Actuacións para apoiala:

a) Medidas de política familiar (artigo 27.1 LOPIVI):

Per desenvolver a parentalidade positiva i, per tant, garantir el dret dels nens, nenes i adolescents a créixer amb la seva família, les administracions públiques hauran d'adoptar mesures de política familiar dirixides fonamentalment a:

- Previr a pobreza e as causas de exclusión social.
- Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral.
- Potenciar o exercicio igualitario entre homes e mulleres das responsabilidades derivadas da crianza dos fillos.
- Evitar a separación do ambiente familiar.

b) Sensibilització i formació (article 27.2 LOPIVI):

As Administracións públicas deberán elaborar e difundir materiais formativos, en formato e linguaxe accesibles en termos sensoriais e cognitivos, sobre dereitos e deberes dos nenos e dos proxenitores e sobre diversidade sexual e de xénero para combater os roles e estereotipos que sitúan as nenas nun plano de desigualdade.

Situacións de ruptura familiar (artigo 28 LOPIVI):

As Administracións públicas deberán **prestar especial atención á protección do interese superior dos nenos, nenas e adolescentes** nos casos de ruptura familiar.

Prevese a adopción das seguintes medidas:

- a) **Impulso dos servizos de apoio ás familias, os puntos de encontro familiar** e outros recursos ou servizos especializados de titularidade pública que permitan unha adecuada atención e protección á infancia e adolescencia fronte á violencia.
- b) **Impulso dos gabinetes psicosociais dos xulgados así como de servizos de mediación e conciliación.**

Achegas e modificacións en materia de violencia de xénero e infancia

O obxecto da lei

Inclúese a violencia de xénero como unha das formas de violencia á que poden ser sometidos nenos, nenas e adolescentes (artigo 1):

“En calquera caso, entenderase por violencia... a violencia de xénero, a mutilación xenital, o tráfico de seres humanos con calquera fin, o matrimonio forzado ...”

Todas elas son recoñecidas como formas de violencia de xénero, ou violencia contra as mulleres..

A perspectiva promocional e asistencial

A LOPIVI contempla **obrigas positivas da Administración** á hora de poñer ao alcance dos nenos, nenas e adolescentes mecanismos preventivos para evitarlles ser vítimas de situacións de violencia de xénero.

O artigo 29 LOPIVI establece que:

- As Administracións públicas deberán prestar **especial atención á protección do interese superior dos nenos**, nenas e adolescentes que conviven en ambientes familiares marcados pola violencia de xénero.
- Os servizos sociais e de protección da infancia e adolescencia **asegurarán**:
 - a) A **detección e a resposta específica** ás situacións de violencia de xénero para incluír a “violencia vicaria” como violencia de xénero.
 - b) A **derivación e a coordinación** cos servizos de atención especializada a menores de idade vítimas de violencia de xénero.

Partindo da súa consideración de vítimas da violencia de xénero, prevese que as actuacións das Administracións públicas deben **contemplar conxuntamente a recuperación da persoa menor de idade e da nai ➡** Garantírase o apoio necesario para que as nenas, nenos e adolescentes, de cara á súa protección, atención especializada e recuperación, permanezan coa muller, salvo se iso é contrario ao seu interese superior.

E, nesa mesma liña, refírese a lei aos **protocolos de actuación e plans de intervención** en supostos de violencia de xénero, para establecer que, na atención a nenos, nenas e adolescentes vítimas de violencia de xénero, se seguirán as pautas de actuación establecidas nos protocolos que en materia de violencia de xénero teñen os diferentes organismos sanitarios, policiais, educativos, xudiciais e de igualdade. (artigos 34 e 43).

O recoñecemento específico da violencia vicaria

Inclúese a “violencia vicaria” na definición de violencia de xénero (modificación do artigo 4.4 da Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero a través da disposición final 10ª).

A violencia de xénero á que se refire esta lei tamén comprende a violencia que co obxectivo de causar prexuízo ou dano ás mulleres se exerza sobre os seus familiares ou achegados menores de idade por parte das persoas indicadas no apartado primeiro.

Modificacións no réxime das relacións familiares nos casos de violencia de xénero

A) AS REFORMAS DO CÓDIGO CIVIL

No Código Civil introdúcense dúas modificacións, que dan cobertura despois ás medidas cautelares e definitivas que contemplan o CP e a LACrim:

Non cabe a garda conxunta dos menores da unidade familiar nos supostos de violencia de xénero.

O artigo 92.7 CC nega a procedencia da garda conxunta nos procesos de ruptura da unidade familiar cando

“Calquera dos proxenitores estea implicado nun proceso penal iniciado por atentar contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual do outro cónxuxe ou dos fillos que convivan con ambos. Tampouco procederá cando o xuíz advirta, das alegacións das partes e das probas practicadas, a existencia de indicios fundados de violencia doméstica ou de xénero”.

O artigo 158 CC prevé outras medidas de protección do menor nos supostos de violencia, que poden proxectarse aos supostos de violencia de xénero, e que supoñen unha modificación das facultades dos pais vinculadas ao exercicio da patria potestade.

Com ara:

- A **medida de afastamento** que se traduce na “prohibición aos proxenitores, titores, a outros parentes ou a terceiras persoas de aproximarse ao menor e achegarse ao seu domicilio ou centro educativo e a outros lugares que frecuente, con respecto ao principio de proporcionalidade” (apartado 4º).

- A **medida de prohibición das comunicacións** co menor “que impedirá aos proxenitores, titores, a outros parentes ou a terceiras persoas establecer contacto escrito, verbal ou visual por calquera medio de comunicación ou medio informático ou telemático, con respecto ao principio de proporcionalidade” (apartado 5º).
- E, como **medida cautelar**, cabe “a suspensión cautelar no exercicio da patria potestade e/ou no exercicio da garda e custodia, a suspensión cautelar do réxime de visitas e comunicacións establecidos en resolución xudicial ou convenio xudicialmente aprobado e, en xeral, as demais disposicións que considere oportunas, co fin de apartar o menor dun perigo ou de evitarlle prexuízos no seu ambiente familiar ou fronte a terceiras persoas”.

B) AS REFORMAS NO CÓDIGO PENAL

- **Imponse como obrigatoria a pena de inhabilitación da patria potestade para os supostos** de homicidio, en calquera das súas formas (artigo 140 bis), cando o condenado deu morte ao outro proxenitor do menor ou a algún dos seus irmáns ou irmás.
- Prevese a **posibilidade de impoñer** a pena de inhabilitación da patria potestade para os delitos contra a liberdade e indemnidade sexuais (artigo 192.3 CP).
- No caso de que se impuxese a pena de inhabilitación da patria potestade, a LOPIVI introduce a necesidade de que o **xuíz determine e valore, de acordo ao interese superior do menor, que dereitos mantén** respecto do proxenitor que perdeu a patria potestade (artigo 46) co fin de que esta inhabilitación non lle supoña un prexuízo.

C) AS REFORMAS EN MATERIA DE MEDIDAS CAUTELARES DO PROCEDEMENTO

A modificación introducida no artigo 544. ter LACrim prevé a adopción de medidas cautelares no procedemento penal e no procedemento civil.

- Respecto do **procedemento penal (apartado 6), estas medidas cautelares poderán ser calquera das previstas na LACrim**, e adoptaranse polo xuíz de instrución atendendo á necesidade de protección integral e inmediata da vítima e, no seu caso, das persoas sometidas á súa patria potestade, tutela, curatela, garda ou acollemento. Isto é calquera medida cautelar do proceso penal pode proxectarse á protección dos fillos e as fillas.
- En relación coas **medidas de natureza civil** dirixidas a protexer os menores, cando non fosen adoptadas medidas cautelares no seo dun procedemento civil, estas poden ser adoptadas no curso dun procedemento penal, tanto se:
 - Son solicitadas pola vítima, o seu representante legal, ou o Ministerio Fiscal.
 - Como se non o son, porque en caso de que existan menores, ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección que convivan coa vítima e dependan dela, o xuíz deberá pronunciarse en todo caso, incluso de oficio, sobre a pertenza da adopción das referidas medidas.
- Estas medidas poderán consistir en (artigo. 544.7 ter LACrim):
 - A forma en que se exercerá a patria potestade, acollemento, tutela, curatela ou garda de feito.
 - A atribución do uso e gozo da vivenda familiar.
 - Determinar o réxime de garda e custodia.

- O réxime de prestación de alimentos, así como calquera disposición que se considere oportuna co fin de apartalos dun perigo ou de evitarlles prexuízos.
- Suspensión ou mantemento do réxime de visitas, comunicación e estancia cos menores ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección.
- Especificase que **se adoptará a suspensión do réxime de visitas, estancia, relación ou comunicación do inculcado respecto dos menores que dependan del, cando:**
 - **Se dite unha orde de protección** con medidas de contido penal.
 - **Existisen indicios fundados** de que os fillos e fillas menores de idade presenciasen, sufrisen ou convivisen coa violencia de xénero.

Estas medidas terán unha **vixencia temporal de 30 días**, que poderán ser prorrogadas durante 30 días máis, contando dende a presentación da demanda, se se inicia a instancia da vítima ou do seu representante legal un proceso de familia ante a xurisdición civil. Neste caso será o xuíz civil o encargado de manter ou non as medidas cautelares de orde civil.

Non obstante, existe a posibilidade de que non se dea suspensión nese contexto sempre **que medie resolución motivada fundada** no interese superior do menor e previa avaliación da situación da relación paterno-filial.



ÁMBITO EDUCATIVO

Regulación: artigos 30 a 35

Os centros escolares como ambientes seguros

Todos os centros escolares (públicos, concertados e privados) en todas as etapas configúranse como ambientes seguros que deben rexerse polos seguintes principios:

- Respecto mutuo de todos os membros da comunidade educativa.
- Fomentar unha educación accesible, igualitaria, inclusiva e de calidade que permita o desenvolvemento pleno dos nenos, nenas e adolescentes e a súa participación nunha escola segura e libre de violencia.
- Garantir o respecto, a igualdade e a promoción de todos os seus dereitos fundamentais e liberdades públicas, empregando métodos pacíficos de comunicación, negociación e resolución de conflitos.
- Garantir que todos os nenos e nenas en todas as etapas educativas reciben unha educación que inclúa a súa participación, o respecto aos demais, a súa dignidade e os seus dereitos, especialmente daqueles menores que sufran especial vulnerabilidade, a igualdade de xénero, a diversidade familiar, a adquisición de habilidades para a elección de estilos de vida saudables e unha educación afectivo sexual orientada á aprendizaxe da prevención e evitación de toda forma de violencia e discriminación.

A lei impón ás **Administracións educativas a obriga de garantir** que todos os centros educativos, independentemente da súa titularidade, son ambientes seguros e cumpren os protocolos en casos de violencia.

Que implica para un centro educativo ser un ambiente seguro?

■ 1. Aprobar o plan de convivencia (artigo 124 da Lei orgánica de educación e 31 LOPIVI)

O plan de convivencia escolar é un documento esencial para a vida dos centros educativos que se incorpora á programación xeral anual e que recolle todas as **actividades que se programen co fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar**, a concreción dos dereitos e deberes do alumnado e as medidas correctoras aplicables en caso do seu incumprimento.

As normas de convivencia e conduta dos centros son de obrigado cumprimento.

Ao contido xeral do plan de convivencia mencionado no artigo 124 LOE engádese o disposto no artigo 31 LOPIVI:

- Entre as súas actividades inclúiranse a **adquisición de habilidades, sensibilización e formación da comunidade educativa**, promoción do **bo trato e resolución pacífica de conflitos** polo persoal do centro, o alumnado e a comunidade educativa.
- Recollerá os **códigos de conduta** consensuados entre o profesorado que exerce funcións de titor/a, os equipos docentes e o alumnado ante situacións de acoso escolar ou ante calquera outra situación que afecte á convivencia no centro educativo, con independencia de se estas se producen no propio centro educativo ou se se producen, ou continúan, a través das tecnoloxías da información e da comunicación.

A lei reforzou ademais as **competencias do claustro de profesorado e do Consello Escolar** para poder impulsar a adopción e o seguimento de medidas educativas que fomenten o recoñecemento e protección dos dereitos das persoas menores de idade ante calquera forma de violencia (artigo 31.2, parágrafo segundo LOPIVI).

■ 2. Supervisar a contratación (artigo 32 LOPIVI)

No ámbito educativo debe cumprirse a **prohibición xeral de contratación de calquera persoa que non achegue certificación negativa** do Rexistro Central de Delincentes Sexuais e Tráfico de Seres Humanos, no ámbito educativo.

Consecuentemente, as Administracións educativas e as persoas que ocupen a dirección e titularidade de todos os centros educativos serán responsables de:

- A supervisión da seguridade na contratación de persoal.
- O control da achega dos certificados obrigatorios de antecedentes sexuais por parte tanto do persoal docente como do persoal auxiliar, de servizo ou doutros profesionais que traballen ou colaboren habitualmente no centro escolar, de forma retribuída ou non.

■ 3. Dar formación adecuada aos profesionais

A formación dos profesionais do ámbito educativo é **clave para a detección precoz** das situacións de violencia, con independencia de que esa violencia se producise no propio ámbito escolar ou fóra del.

A devandita formación deberá incluír os contidos xerais e moi especialmente formación sobre **educación inclusiva** (establecidos no artigo 5).

■ 4. Dar formación a nenos, nenas e adolescentes en materia de dereitos, seguridade e responsabilidade dixital (artigo 33 LOPIVI)

Para garantir un ambiente educativo e un ambiente dixital seguros é necesario garantir a plena inserción do alumnado na sociedade dixital e a aprendizaxe dun uso dos medios dixitais que sexa seguro e respectuoso coa dignidade humana, cos valores constitucionais e cos dereitos fundamentais (en particular, o dereito á intimidade persoal e familiar e a protección de datos persoais).

Para iso, en todas as etapas formativas promoverase o uso adecuado de Internet.

■ 5. Aplicar os protocolos de actuación (artigo 34 LOPIVI)

Todos os centros escolares deberán aplicar protocolos de actuación contra toda forma de violencia comprendida na LOPIVI.

As **Administracións educativas deberán regular estes protocolos de actuación que:**

- Deberán contar na súa elaboración coa **participación** dos nenos, nenas e adolescentes, outras Administracións públicas, institucións e profesionais dos diferentes sectores implicados na prevención, detección precoz, protección e reparación da violencia sobre nenos, nenas e adolescentes.
- Terán **carácter obrigatorio en todos os centros educativos**, con independencia da súa titularidade e aplicaranse cando calquera membro da comunidade educativa detecte indicios de violencia ou pola mera comunicación dos feitos por parte dos alumnos.

- Determinarán as actuacións que haxa que desenvolver, os **sistemas de comunicación** e a **coordinación** dos e das profesionais responsables de cada actuación e cos ámbitos sanitarios, policial e xudicial.
- Conterán **actuacións específicas** en casos de acoso, con especial atención ao que se produza a través de novas tecnoloxías ou dispositivos móbiles.
- Estarán **dispoñibles e actualizados** ao comezo de cada curso escolar (artigo 18 LOPIVI). As persoas que ocupan a dirección ou titularidade dos centros educativos responsabilizaranse de que a comunidade educativa estea informada dos protocolos de actuación existentes, así como da súa execución e seguimento.
- Deberán ser obxecto de **formación** dous profesionais que interveñan para detectar estas situacións.
- Deberán **avaliarse** periodicamente para valorar a súa eficacia.
- Serán obxecto de **supervisión por parte das Administracións educativas**, que comprobarán que todos os centros, públicos, concertados e privados, os apliquen (artigo 31.3 LOPIVI).

■ 6. Implementar a figura do coordinador ou coordinadora de benestar e protección (artigo 35 LOPIVI)

Todos os centros educativos (públicos, privados e concertados) deberán contar cun coordinador ou coordinadora de benestar e protección.

A súa creación deberá supoñer un **cambio esencial** no modo de responder fronte ás situacións de violencia no ámbito educativo.

Actuará **baixo a supervisión da persoa que ocupe a dirección** ou titularidade do centro. As **Administracións educativas determinarán:**

- Os requisitos para poder ser nomeado, principalmente formativos e de currículo.
- Se ten que ser persoal xa existente no centro escolar ou debe cubrirse por novo persoal.
- As funcións que deba desempeñar, que serán polo menos as que enumera a LOPIVI (artigo 35.2), entre elas:
 - Promover plans de formación sobre prevención, detección precoz e protección dos nenos, nenas e adolescentes, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros como ao alumnado.
 - Coordinar, de acordo cos protocolos que aproben as Administracións educativas, os casos que requiran de intervención por parte dos servizos sociais competentes.
 - Identificarse ante os alumnos e alumnas e a comunidade educativa, como referente principal para as comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou no seu ambiente.
 - Fomentar entre o persoal do centro e o alumnado a utilización de métodos alternativos de resolución pacífica de conflitos.
 - Informar ao persoal do centro sobre os protocolos en materia de prevención e protección de calquera forma de violencia existente.
 - Coordinar coa dirección do centro educativo o plan de convivencia ao que se refire o artigo.





O SISTEMA DE PROTECCIÓN: OS SERVIZOS SOCIAIS E OS CENTROS DE PROTECCIÓN

A LOPIVI afecta de cheo ao sistema de protección da infancia e a adolescencia, posto que as **actuacións de prevención primaria e secundaria en relación coa violencia se configuran como prioritarias fronte ás medidas de acollemento** alternativo, previa declaración de desamparo. Tamén afecta de maneira importante ao deseño, organización e funcionamento dos servizos sociais.

Isto haberá de reflectirse na necesaria **adecuación da lexislación autonómica** sobre protección da infancia e a adolescencia e sobre servizos sociais, ambas competencias exclusivas das comunidades autónomas.

OS SERVIZOS SOCIAIS

Regulación: artigos 41 a 44 LOPIVI

Os servizos sociais desempeñan un rol esencial na loita fronte á violencia contra a infancia polo seu carácter de porta de entrada para os casos de violencia contra os nenos, nenas e adolescentes e o seu rol esencial na coordinación coas familias e con outros servizos (educativo, sanitario, policial e xudicial).

A condición de axente da autoridade:

Unha das principais novidades da LOPIVI é a atribución da condición de axente da autoridade ao persoal funcionario que desenvolva a súa actividade profesional nos servizos sociais, no exercicio das súas funcións relativas á protección dos nenos, nenas e adolescentes.

A condición de axente da autoridade outorga unha posición de superioridade no desempeño das súas funcións que pode concretarse principalmente en tres aspectos:

- As actas de inspección e as denuncias que formulen gozan da presunción de veracidade.
- As agresións ou ataques que poidan sufrir constitúen infracción penal.
- Poden requirir o auxilio da autoridade xudicial ou gubernativa se se ven imposibilitados para levar a cabo a súa función de protección.

Os equipos de intervención (artigo 42 LOPIVI):

En coherencia co maior protagonismo dos servizos sociais, tanto de atención primaria como especializados, a LOPIVI dispón que as Administracións competentes (isto é, a autonómica e a municipal) os **dotarán de profesionais e equipos de intervención familiar e de intervención na infancia e na adolescencia** especialmente adestrados na detección precoz, valoración e intervención fronte á violencia exercida sobre as persoas menores de idade.

Os equipos de intervención dos servizos sociais que traballen no ámbito da violencia contra as persoas menores de idade deberán estar constituídos, preferentemente, por profesionais da educación social, da psicoloxía e do traballo social e, cando sexa necesario, da avogacía, especializados en casos de violencia sobre a infancia e a adolescencia.

Intervención en casos de risco ou sospeita de violencia sobre os nenos, nenas e adolescentes (artigo 43 LOPIVI):

De acordo coa lóxica do respecto e o apoio á responsabilidade parental na crianza e coidado dos fillos, a LOPIVI dispón que:

“En todos os casos nos que exista risco ou sospeita de violencia sobre os nenos, nenas ou adolescentes, os servizos sociais de atención primaria establecerán, de forma coordinada coa entidade pública de protección á infancia, as vías para apoiar á familia no exercicio positivo das súas funcións parentais de protección”

A **valoración de cada caso** farase por parte dos servizos sociais de atención primaria e “sempre que sexa posible” **de forma interdisciplinar** e coordinada coa entidade pública de protección á infancia e con aqueles equipos e profesionais dos distintos ámbitos.

Se desa valoración se desprende que é necesario levar a cabo un **plan de intervención familiar** individualizado, deseñase e levarase a cabo de forma coordinada co resto de ámbitos implicados.

As actuacións desenvolvidas polos servizos sociais de atención primaria no marco do plan de intervención sobre **casos de risco ou sospeita de maltrato infantil deberanse notificar aos servizos sociais** especializados en protección de menores.

Neste punto a LOPIVI debe conectarse co **artigo 17 LOPXM (modificado pola disposición final oitava da LOPIVI) relativo á intervención en situación de risco** e coa conseguinte lexislación autonómica na materia.

A LOPIVI opera dúas modificacións no artigo 17 LOPXM.

- A primeira, para **eliminar da definición de risco** do artigo 17.1 LOPXM, o seguinte inciso: “A concorrencia de circunstancias ou carencias materiais considerárase indicador de risco, pero nunca poderá desembocar na separación do ambiente familiar”.
- A segunda introduce por primeira vez **unha serie de indicadores de risco** que son os que deberán ser tidos en conta para identificar e, no seu caso, actuar en posibles situacións de violencia contra a infancia.
- A introdución destes indicadores reduce a discrecionalidade administrativa, aumenta a seguridade xurídica de operadores e familias en posible situación de risco e proporciona un mínimo común denominador que debe ser atendido en todas as comunidades autónomas.

A recollida da información relativa a cada caso corresponde aos servizos sociais de atención primaria coa participación dos e das profesionais correspondentes. Tamén lles corresponde a análise interdisciplinar do caso, obtendo sempre que sexa necesario o apoio ou intervención da entidade pública de protección da infancia, ou doutros servizos, como os de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero da comunidade autónoma respectiva.

Situacións de urxencia (artigo 41.2 LOPIVI):

Para garantir a protección de nenos, nenas e adolescentes en situacións de urxencia nas que non sexa posible derivar o caso á entidade pública:

- Cada comunidade autónoma determinará o procedemento para que os servizos sociais de atención primaria poidan adoptar as medidas de coordinación que estimen necesarias.
- Se a persoa menor de idade estivese, ademais, en situación de desprotección, deberán comunicalo de inmediato á entidade pública.
- En casos graves, os profesionais dos servizos sociais ou das Forzas e Corpos de Seguridade poderán acompañar o neno ou nena a un centro sanitario para recibir a atención que necesite cando a gravidade do caso o requira. Como regra xeral, deberase informar aos seus responsables legais, salvo que se sospeite que a violencia fose exercida por eles (neste suposto, deberase poñer o caso en coñecemento do Ministerio Fiscal).

Esta previsión debe poñerse en relación con outra modificación da LOPXM operada en virtude da disposición final oitava, que **introduciu un novo artigo 14 bis relativo ás actuacións en casos de urxencia** (aínda que non referidas unicamente a violencia senón en xeral a toda situación de desprotección). Este novo artigo recolle dúas previsións:

- A actuación dos servizos sociais será inmediata en casos de urxencia.
- A atención en casos de urxencia non estará suxeita a requisitos do procedemento nin de forma.

Rexistro de casos por parte dos servizos sociais de atención primaria (artigos 43.3 e 44.1 LOPIVI):

Outra novidade relevante introducida pola LOPIVI é a atribución expresa aos servizos sociais de atención primaria do **seguimento e a recollida da información sobre os casos de violencia contra a infancia** e a adolescencia conforme ao procedemento que se regule en cada comunidade autónoma. No citado sistema de seguimento e recollida haberán de constar:

- As notificacións e comunicacións recibidas.
- Os casos confirmados.
- As distintas medidas postas en marcha en relación coa intervención dos devanditos servizos sociais.

A importancia deste rexistro é capital porque supón a base a partir da cal se elabore a información estatística de casos de violencia contra a infancia e a adolescencia.

OS CENTROS DE PROTECCIÓN

Regulación: título IV da LOPIVI, “das actuacións en centros de protección”, artigos 53 a 55, e complétase coa relevante modificación lexislativa da LOPXM neste tema levada a cabo pola disposición final oitava da LOPIVI:

Unha vez asumida a tutela administrativa dunha persoa menor de idade por algunha das causas legalmente establecidas, debe decidirse a medida de acollemento alternativo acorde ás esixencias do seu interese superior. Cando, de acordo cos principios de necesidade e idoneidade, se opta pola súa colocación nun centro de protección, tamén se debe garantir o seu dereito fundamental á integridade física e psicolóxica, así como a recibir un bo trato.

Dada a complexidade que isto supón fronte á vida en familia (propia ou allea) e dada a especial vulnerabilidade dos nenos, nenas e adolescentes privados do coidado parental -en particular, algúns colectivos como os nenos con discapacidade ou os nenos estranxeiros que migran sos- a LOPIVI recolle **unha regulación específica** sobre a adecuada resposta que debe procurarse fronte ás situacións de violencia das que poden ser vítimas as persoas menores de idade que viven nelas.

Os centros de protección como ambientes seguros:

Todos os centros de protección para menores de idade, independentemente da súa titularidade, deberán ser ambientes seguros, o cal vai supoñer a **adopción de diversas medidas para garantir a protección integral** dos nenos, nenas e adolescentes que viven en centros de protección:

■ 1. A obriga de aplicar os protocolos de actuación (artigo 53 LOPIVI).

Os protocolos de actuación aplicables en todos os centros de protección:

- Serán **establecidos pola entidade pública de protección** á infancia.
- Conterán as **actuacións que deben seguirse** para a prevención, detección precoz e intervención fronte ás posibles situacións de violencia.
- A súa **eficacia será avaliada** en función de estándares e indicadores aprobados pola entidade pública competente. Enténdese que a aprobación formal pola entidade pública dótaos de forza de obrigar e, polo tanto, serán de obrigado cumprimento. Tamén aprobarán os estándares e indicadores para avaliar a eficacia dos citados protocolos.
- Determinarán a forma de **iniciar o procedemento, o sistema de comunicación e a coordinación** dos e das profesionais de cada actuación.
- Terán en conta as situacións nas que é aconsellable o **traslado da persoa** menor de idade a outro centro para garantir o seu interese superior e o seu benestar.
- Deberán conter actuacións específicas nos seguintes casos:
 - Cando o **acoso teña como motivación a discriminación** por discapacidade, raza, orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.
 - Cando o acoso se leve a cabo a través das **novas tecnoloxías** das persoas menores de idade ou de dispositivos móbiles e haxa menoscabado á intimidade e reputación.
 - Cando se trate de **casos de explotación sexual e tráfico** de persoas menores de idade suxeitas a medidas de protección, os protocolos conterán actuacións de prevención, detección precoz e intervención, tendo en conta especialmente a perspectiva de xénero e as medidas de coordinación co Ministerio Fiscal, as Forzas e Corpos de Seguridade e o resto de axentes sociais implicados (artigo 55 LOPIVI).

■ 2. Garantir a existencia de mecanismos de comunicación e queixa.

Os protocolos de actuación **establecerán mecanismos de queixa e denuncia sinxelos, accesibles, seguros e confidenciais** para informar sobre calquera situación de violencia, de forma que os nenos, nenas e adolescentes sexan tratados sen risco de sufrir represalias. Ademais, a resposta a estas queixas será susceptible de ser recorrida, aínda que a LOPIVI non di que a resposta sexa obrigatoria nin ante quen se poden recorrer (artigo 53.1.b LOPIVI).

Debe traerse a colación aquí o disposto no artigo 13.1 LOPIVI:

“No caso dos nenos, nenas ou adolescentes baixo a garda e/ou tutela dunha entidade pública de protección que denuncian a esta ou ao persoal ao seu servizo por exercer violencia contra eles, entenderase, en todo caso, que existe un conflito de intereses entre o neno e o seu titor ou gardador”

Presumirase que existe un conflito de interese cando a opinión da persoa menor de idade sexa contraria á medida que se adopte sobre ela ou supoña unha restrición dos seus dereitos (novo artigo 2.5 LOPXM). En tales casos, será necesario designar un defensor xudicial que asista o neno.

- **3. A obriga de garantir unha formación especializada inicial e continua** do persoal que traballa nos centros de protección que permita unha detección precoz dos casos de violencia (artigo 5 LOPIVI).
- **4. A esixencia da certificación negativa** ddo Rexistro Central de Delinquentes Sexuais e Tráfico de Seres Humanos (artigos 57 a 60 LOPIVI).
- **O deber de informar aos nenos, nenas e adolescentes** sobre os procedementos de comunicación de situacións de violencia e sobre as persoas responsables do centro e de manter actualizada e facer accesible a devandita información (artigo 18 LOPIVI).

Ao referirse aos protocolos de actuación nos centros de protección, a LOPIVI dispón que deberán “garantir que, no momento do ingreso, o centro de protección facilite á persoa menor de idade, por escrito e en idioma e formato que lle resulte comprensible e accesible, as normas de convivencia e o réxime disciplinario que rexe o centro, así como información sobre os mecanismos de queixa e de comunicación existentes (artigo 53.1.c LOPIVI), sendo de aplicación tamén o deber, máis amplo, de manter accesible e actualizada a devandita información.

A supervisión por parte do Ministerio Fiscal (artigo 55)

O artigo 55.1 LOPIVI dispón que o Ministerio Fiscal visitará periodicamente de acordo co establecido na normativa interna do centro para:

- Supervisar o **cumprimento dos protocolos** de actuación.
- **Dar seguimento aos mecanismos de comunicación de situacións de violencia.**
- **Escoitar os nenos, nenas e adolescentes** que así o soliciten.

O apartado 2 dispón que **as entidades públicas de protección á infancia e á adolescencia manterán comunicación de carácter permanente** co Ministerio Fiscal e, no seu caso (nos centros de protección especial para menores con problemas de conduta), coa autoridade xudicial que acordou o ingreso, sobre as circunstancias relevantes que poden producirse durante a estancia nun centro que afecte á persoa menor de idade, así como a necesidade de mantelo.

Medidas para garantir a convivencia e a seguridade nos centros de protección á infancia e á adolescencia

■ Regulación para todos os centros de protección (novo artigo 21 ter LOPXM introducido pola disposición final oitava (once)):

Pese a que os centros de protección deben ser ambientes seguros e, polo tanto, incorporar medidas e actuacións para a promoción e aplicación do bo trato, a LOPIVI introduciu unha **modificación da LOPXM para regular con detalle as medidas de carácter preventivo, de desescalada e de contención física do menor que poden adoptarse para garantir a convivencia e a seguridade** nos centros de protección á infancia e á adolescencia (tanto ordinarios como especiais).

Dende un punto de vista xeral, todas estas medidas:

- Rexeranse polos principios de legalidade, necesidade, individualización, proporcionalidade, idoneidade, gradación, transparencia e bo goberno.
- Deberán aplicarse por persoal especializado con formación en dereitos da infancia e da adolescencia, en resolución de conflitos e en técnicas de suxeición persoal.
- Prohíbese de forma taxativa a contención mecánica a punto fixo, é dicir, a que consiste na suxeición dunha persoa menor de idade a unha cama, a un obxecto fixo ou ancorado ás instalacións ou a obxectos mobles.

As medidas de carácter preventivo: a LOPIVI non especifica en que han de consistir estas medidas, pero constitúense como preferentes xunto coa de desescalada para garantir a convivencia e a seguridade.

As **medidas de desescalada** consistirán en todas aquelas técnicas verbais de xestión emocional conducentes á redución da tensión ou hostilidade do menor que se atope en estado de alteración e/ou axitación con inminente e grave perigo para a súa vida e integridade ou para a doutras persoas.

As medidas de contención:

- Rexeranse polos principios de excepcionalidade, mínima intensidade posible e tempo estritamente necesario e levaranse a cabo con respecto á dignidade, á privacidade e aos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes.
- **Modalidades:**
 - Interposición entre o menor e a persoa ou obxecto que se atopa en perigo, restrición física de espazos ou movementos.
 - Excepcionalmente a inmovilización física por parte de persoal especializado.
 - No caso exclusivo dos centros de protección de menores con trastorno de conduta, permítese a suxeición dos pulsos con equipos homologados.
- Deberán ser **comunicadas** de inmediato á entidade pública e ao Ministerio Fiscal e anotarase no Libro Rexistro de Incidencias e no expediente individual da persoa menor de idade.
- Requirira a **exploración física** do menor por un médico no prazo máximo de 48 horas, se fose necesario o uso da forza.

- **Non poderán aplicarse a determinados grupos de nenos, nenas e adolescentes** (salvo que da súa actuación puidese derivarse un perigo inminente e grave para a súa vida e integridade ou para a de terceiro):

- Menores de 14 anos.
- Xestantes nenas ata despois de 6 meses de terminación do embarazo.
- Nais lactantes.
- Persoas que teñan fillos consigo.
- Convalecentes por enfermidade grave.

- **A decisión sobre a adopción das medidas de contención física deberá ser tomada polo director** do centro cando consista na restrición de espazos e movementos ou a inmovilización do menor, ser motivada e notificarse de inmediato á entidade pública e ao Ministerio Fiscal.

■ **Regulación específica dos centros de protección específicos de menores con problemas de conduta (reforma dos artigos 27 a 30 da LOPXM introducida pola disposición final oitava (doce a quince) da LOPIVI)**

Introdúcense cambios en relación ás medidas de seguridade (contención física, illamento e rexistros persoais e materiais) que poden ser adoptadas nos centros de protección específicos de menores con problemas de conduta.

Dende un punto de vista xeral para todas as medidas de seguridade (artigo 27 LOPXM):

- Só poderán ser utilizadas unha vez fracasadas as preventivas e de desescalada.
- Amplíase a formación que debe ter o persoal que as aplique: formación en dereitos da infancia e adolescencia, resolución de conflitos e técnicas de suxeición.
- Modifícanse os supostos nos que se poden usar:
 - Intentos de fuga.
 - Resistencia activa que supoña unha alteración grave da convivencia ou unha vulneración grave aos dereitos doutros menores.
 - Risco directo de autolesión, de lesións a outros ou danos graves ás instalacións.

Medidas de contención (artigo 28 LOPXM):

Permítese con carácter excepcional a suxeición dos pulsos do menor con equipos homologados:

- Baixo un estrito protocolo.
- Sempre que non sexa posible evitar por outros medios a posta en grave risco da vida ou a integridade física do menor ou de terceiros.
- Só poderá aplicarse polo tempo mínimo imprescindible, que non poderá ser superior a unha hora.
- Sempre acompañada presencialmente e de forma continua, ou supervisada de maneira permanente por un educador ou outro profesional do equipo educativo ou técnico do centro.
- Comunicarase de maneira inmediata á entidade pública, ao Ministerio Fiscal e ao órgano xudicial que estea coñecendo do ingreso.

Illamento (artigo 29 LOPXM):

- Incorpórase que deberá ser provisional.
- Elimínase a precisión sobre que preferentemente debe realizarse na propia habitación do menor.
- Redúcese o tempo máximo de 6 a 3 horas.
- Introdúcese a necesidade de que o acompañamento previsto por parte dun educador sexa presencial e continuado ou, no seu caso, a supervisión sexa permanente.
- Permite que este acompañamento, ademais dun educador, o poida realizar outro profesional do equipo educativo ou técnico do centro.

Rexistros materiais e persoais (artigo 30 LOPXM):

- Establécese a súa finalidade: evitar situacións de risco producidas pola introdución ou saída do centro de obxectos, instrumentos ou substancias que por si mesmos ou polo seu uso inadecuado poden resultar perigosos ou prexudiciais.
- Precísase que, en caso de necesidade de exposición corporal, debe ser parcial.

Medidas de vixilancia e seguridade en centros de reforma (artigo 59 LRPM):

- **Prohíbese a contención mecánica a punto fixo**, consistente na suxeición dunha persoa a una cama articulada ou a un obxecto fixo ou ancorado ás instalacións ou a obxectos móbiles.
- Engádese ao **suposto habilitante** de evitar “actos de violencia ou lesións dos menores”, que estes actos de violencia se poidan facer contra outras persoas.
- Permítese, con carácter excepcional, **a suxeición dos pulsos da persoa que cumpre a medida de internamento con equipos homologados**, sempre e cando se realice baixo un estrito protocolo e non sexa posible aplicar medidas menos lesivas.
- En caso de que se fixese uso da forza, será necesaria a **exploración física** do interno por facultativo médico no prazo máximo de 48 horas, estendéndose o correspondente parte médico.
- As medidas de contención deberán ser **comunicadas** con carácter inmediato ao xulgado de menores e ao Ministerio Fiscal e **anotaranse no Libro Rexistro** de Incidencias, que será supervisado por parte da dirección do centro e no expediente individualizado da persoa menor de idade, que debe manterse actualizado.

A prohibición dos espidos nas probas de determinación da idade (artigo 12 LOPXM):

- Prohíbese a realización de espidos integrais, exploracións xenitais ou outras probas médicas especialmente invasivas no procedemento de determinación da idade.



ÁMBITO SANITARIO

Regulación: artigos 38 a 40

As medidas que se contemplan no ámbito sanitario oriéntanse dende a necesaria colaboración entre as Administracións sanitarias no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, sen prexuízo de actuacións específicas que deben levar a cabo en exercicio das súas respectivas competencias.

Como acontece con outros ámbitos, **será necesario implementar no sanitario as previsións xerais** da LOPIVI sobre capacitación e formación dos profesionais sanitarios en materia de dereitos da infancia e da adolescencia e sobre a esixencia da certificación negativa de antecedentes sexuais, aínda que non se mencionen expresamente neste capítulo.

O ámbito sanitario non é cualificado expresamente como ambiente seguro pola LOPIVI, se ben nel deben garantirse todos os dereitos dos nenos, nenas e adolescentes fronte á violencia.

Actuacions de les administracions sanitàries:

- Promover o **bo trato, así como a prevención e detección precoz** da violencia contra a infancia e a adolescencia; (artigo 38).
- Elaborar **protocolos e medidas de asistencia e recuperación das vítimas** (con especial atención aos nenos e nenas con discapacidade, con problemas de neurodesenvolvemento e problemas de saúde mental) (artigos 38 e 40).
- Facilitar o **acceso das nenas, nenos e adolescentes á información, tratamento e recuperación**, garantindo a atención universal e accesible, así como atención á saúde mental integral reparadora e adecuada á idade (artigo 38).
- Incorporar nas **historias clínicas** os rexistros relativos á atención de nenos e nenas vítimas de violencia (artigo 40).

A Comisión fronte á violencia contra os nenos, nenas e adolescentes (artigo 39 LOPIVI):

O Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, órgano de cooperación entre o Estado e as comunidades autónomas en materia sanitaria con natureza xurídica de conferencia sectorial, creará no **prazo dun ano** dende a entrada en vigor da lei unha Comisión fronte á violencia contra os nenos, nenas e adolescentes.

Composición:

- Expertos dos Institutos de Medicina Legal e Ciencias Forenses designados polo Ministerio de Xustiza.
- Expertos das profesións sanitarias implicadas na prevención, valoración e tratamento das vítimas de violencia contra nenos, nenas e adolescentes.

Funcións:

- Apoiar e orientar a **planificación** das medidas con incidencia sanitaria contempladas na LOPIVI.
- Elaborar un **protocolo común de actuación** sanitaria de aplicación en todos os centros e servizos sanitarios nos que se preste asistencia sanitaria a unha persoa menor de idade como consecuencia de calquera tipo de violencia (artigo 39.2). Este protocolo haberá de:
 - Avaliar e propoñer as medidas necesarias para a correcta aplicación da lei e calquera outra medida que se estime precisa para que o sector sanitario contribúa á erradicación da violencia sobre a infancia e a adolescencia.
 - Establecer os procedementos de comunicación das sospeitas ou evidencias de casos de violencia sobre a infancia e a adolescencia aos servizos sociais correspondentes.
 - Establecer a colaboración co xulgado de garda, as Forzas e Corpos de Seguridade, a entidade pública de protección á infancia e o Ministerio Fiscal.
- Emitir un **informe anual** cos datos dispoñibles sobre a atención sanitaria das persoas menores de idade vítimas de violencia e con información sobre a implementación das medidas con incidencia sanitaria contempladas na lei.



L'ENTORN DIGITAL: LES TIC I LA PROTECCIÓ DE DADES DE CARÀCTER PERSONAL

TECNOLOGIES DE LA INFORMACIÓ I LA COMUNICACIÓ

Regulació: articles 45 i 46

A violencia contra nenos, nenas e adolescentes no ambiente dixital é obxecto de atención específica na LOPIVI:

Como espazo no que pode ter lugar a violencia. De feito, está expresamente mencionada na definición de violencia do artigo 1.2 LOPIVI.

Como medio de transmisión noutros ambientes (como o educativo).

Actuacións que deberán levar a cabo as Administracións públicas en relación co ambiente dixital

1. Campañas de sensibilización, educación e difusión (artigo 45.1 LOPIVI):

- Dirixidas aos nenos, nenas e adolescentes, familias, educadores e outros profesionais que traballen habitualmente con persoas menores de idade.
- Contido:
 - Sobre o uso seguro e responsable de Internet e as tecnoloxías da información e a comunicación.
 - Sobre os riscos derivados dun uso inadecuado que poidan xerar fenómenos de violencia sexual contra os nenos, nenas e adolescentes como o cyberbullying, o grooming, a ciberviolencia de xénero ou o sexting.
 - Sobre o acceso e consumo de pornografía entre a poboación menor de idade.
- Así mesmo, as campañas institucionais de prevención e información deben incluír entre os seus obxectivos a prevención sobre contidos dixitais sexuais e/ou violentos que poden influír e seren prexudiciais para a infancia e a adolescencia (artigo 45.4).

2. Medidas de acompañamento e capacitación ás familias:

Partindo da responsabilidade primordial das familias na crianza e educación dos fillos, incluído o ámbito dixital, a LOPIVI establece que as **Administracións públicas fomentarán:**

- Medidas de acompañamento que favorezan o cumprimento das súas obrigas legais, especialmente a de garantir que fagan un uso equilibrado e responsable dos dispositivos dixitais e dos servizos da sociedade da información co fin de garantir o adecuado desenvolvemento da súa personalidade e preservar a súa dignidade e os seus dereitos fundamentais; (artigo 45.1).
- A implementación e o uso de mecanismos de control parental, así como de denuncia e bloqueo (artigo 46.2).

3. Servizo de liña de axuda sobre o uso seguro e responsable de Internet (artigo 45.2 LOPIVI):

As Administracións públicas teñen que poñer a disposición dos nenos, nenas e adolescentes, familias, persoal educador e outros profesionais un servizo específico de liña de axuda sobre o uso seguro e responsable de Internet, que ofrezca aos usuarios **asistencia e asesoramento** ante situacións potenciais de risco e emerxencia das persoas menores de idade en Internet.

4. Colaboración co sector privado:

O ambiente dixital das tecnoloxías da información e as comunicacións é un ámbito clave para protexer a infancia fronte á violencia. A LOPIVI **opta por buscar a colaboración co sector empresarial para que contribúa aos fins da lei**, no marco do reforzo da colaboración público-privada prevista no artigo 8 LOPIVI.

En particular, **as Administracións públicas**, como titulares da obriga de protección de nenos, nenas e adolescentes fronte á violencia:

- Deberán realizar periodicamente **diagnósticos sobre o uso seguro de Internet**, as problemáticas de risco asociadas e as novas tendencias (artigo 46,1).
- Deberán adoptar medidas para **incentivar a responsabilidade social das empresas** en materia de uso seguro e responsable de Internet por parte da infancia e a adolescencia (artigo 45.3, parágrafo primeiro LOPIVI).
- Fomentarán, en colaboración co sector privado, que o **inicio e desenvolvemento de aplicacións e servizos dixitais teña en conta a protección á infancia** e á adolescencia (artigo 45.3, parágrafo segundo LOPIVI).
- Fomentarán a colaboración co sector privado para a **creación de ambientes dixitais seguros**, unha maior estandarización no uso da clasificación por idades e a etiquetaxe intelixente de contidos dixitais para coñecemento dos nenos, nenas e adolescentes e apoio dos proxenitores ou de quen exerza funcións de tutela, garda ou acollemento, na avaliación e selección de tipos de contidos, servizos e dispositivos (artigo 46.2 LOPIVI).
- Fomentarán **os contidos positivos en liña e o desenvolvemento de contidos adaptados ás necesidades dos diferentes grupos de idade, impulsando entre a industria códigos de autorregulación e corregulación** para o uso seguro e responsable no desenvolvemento de produtos e servizos destinados ao público infantil e adolescente (artigo 46.3 LOPIVI).
- Fomentarán e reforzarán a incorporación por parte da industria de **mecanismos de control parental** dos contidos ofrecidos ou mediante a posta en marcha de **protocolos de verificación de idade**, en aplicacións e servizos dispoñibles en Internet para impedir o acceso aos reservados a adultos (artigo 46.3 LOPIVI).
- Traballarán para conseguir que, nos envases dos instrumentos das novas tecnoloxías, figure un aviso mediante o que se advirta da necesidade dun uso responsable destas tecnoloxías para **prever condutas adictivas específicas** (artigo 46.4 LOPIVI).

5. Medidas educativas: dereito á educación dixital (artigo 33 LOPIVI):

A LOPIVI parte do dereito dos nenos á educación dixital (artigo 83 LOPD) tamén no ámbito educativo. Para iso, impón ás Administracións públicas o deber de:

- Garantir a plena **inserción do alumnado na sociedade dixital** e a aprendizaxe do uso seguro e adecuado dos medios dixitais.
- Promover, dentro de todas as etapas formativas, o **uso adecuado de Internet**.

PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS DAS PERSOAS MENORES DE IDADE

Regulación: artigo 52 LOPIVI

A LOPIVI outorga un papel central á **Axencia Española de Protección de Datos (AEPD)** na protección de datos persoais das persoas menores de idade, por medio do exercicio das súas funcións de supervisión e control da normativa sobre protección de datos (artigo 52.1 LOPIVI), especialmente cando se realice a través das tecnoloxías da información e a comunicación.

Canle accesible e segura de denuncia (artigo 52.2. LOPIVI):

A Axencia garantizará a dispoñibilidade dunha canle accesible e segura de denuncia da existencia de **contidos ilícitos en Internet que supoñan un menoscabo grave do dereito á protección de datos persoais**.

Quen pode presentar unha denuncia ante a AEPD?

- As persoas que por razón da súa condición, cargo ou profesión estean encargadas do coidado, asistencia e protección de nenas, nenos e adolescentes.
- O centro educativo, a instancia do coordinador de Benestar e Protección nas situacións que poidan implicar un tratamento ilícito dos datos de carácter persoal de nenos, nenas e adolescentes (artigo 35.2.j LOPIVI).
- Os nenos, nenas e adolescentes, a través dos seus representantes legais ou directamente, neste último caso “sempre que o funcionario encargado estime que ten madurez suficiente” (artigos 17.1 e 52.3 LOPIVI).



ÁMBITO DO DEPORTE E DO OCIO E TEMPO LIBRE

Regulación: artigos 47 e 48 LOPIVI

Ambientes seguros no ámbito deportivo e de ocio e tempo libre (artigo 47 LOPIVI):

Outro dos ámbitos regulados na LOPIVI para garantir a protección integral da infancia e a adolescencia fronte á violencia como ambiente seguro é o ámbito do deporte e do ocio e tempo libre.

Que implica ser un ambiente seguro?

1. Regulación de protocolos de actuación por parte das Administracións:

As **Administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, regularán** protocolos de actuación que deberán ser **aplicados por todas as entidades** que realizan actividades deportivas ou de ocio con persoas menores de idade de forma habitual.

Estes protocolos:

- Establecerán as actuacións de prevención, detección precoz e intervención que deban levarse a cabo fronte ás posibles situacións de violencia sobre a infancia e a adolescencia.
- Deberán ser aplicados en todos os centros que realicen actividades deportivas e de ocio, independentemente da súa titularidade e, en todo caso, na Rede de Centros de Alto Rendemento e Tecnificación Deportiva, federacións deportivas e escolas municipais.

2. Obrigas das entidades que realizan actividades deportivas ou de ocio e tempo libre con persoas menores de idade de forma habitual:

- a. **Aplicar os protocolos de actuación e implantar un sistema de monitorización** para asegurar o seu cumprimento.
- b. **Designar a figura do delegado ou delegada de protección.**

A LOPIVI non contempla maior detalle sobre a regulación desta figura, que deberá ser desenvolvida pola normativa autonómica sobre actividades deportivas, se ben especifica que:

- Será a persoa á que os nenos, nenas e adolescentes poidan acudir para expresar as súas inquedanzas.
 - Encargarase da difusión e o cumprimento dos protocolos establecidos.
 - Iniciará as comunicacións pertinentes nos casos nos que se detectase unha situación de violencia sobre a infancia ou a adolescencia.
- c. Adoptar **medidas contra a discriminación e a violencia no deporte** contando coa participación de nenos, nenas e adolescentes, familias e profesionais.
 - d. Fomentar a **participación activa dos nenos, nenas e adolescentes** en todos os aspectos da súa formación e desenvolvemento integral.
 - e. Fomentar e **reforzar as relacións e a comunicación entre as organizacións deportivas e os proxenitores** ou quen exerza funcións de tutela, garda ou acollemento.

f. **Formación de profesionais:**

Dado o contacto habitual e o desempeño profesional con nenos, nenas e adolescentes, os **profesionais que actúen nestes ámbitos** deberán:

- Recibir a formación especializada á que se refire o artigo 5 LOPIVI (atendendo especialmente aos nenos con discapacidade e para o desenvolvemento do deporte inclusivo, artigo 48.2 LOPIVI).
- Cumprir a esixencia de contar cunha certificación negativa do rexistro de delincuentes sexuais. Tamén se mostraron útiles as campañas de sensibilización e concienciación sobre a violencia no deporte.



FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE

Regulación: artigos 49 e 50 LOPIVI

Así, a LOPIVI dispón que:

“A actuación dos membros das Forzas e Corpos de Seguridade nos casos de violencia sobre a infancia e a adolescencia rexerase polo respecto aos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes e a consideración do seu interese superior” (artigo 50.1 LOPIVI).

Formación especializada

Resulta fundamental a **formación** especializada inicial e continua dos seus membros de acordo co artigo 5 LOPIVI.

Así, a lei dispón que as Administracións adoptarán as medidas necesarias para garantir que nos **procesos de ingreso, formación e actualización do persoal das Forzas e Corpos de Seguridade se inclúan contidos específicos** sobre o tratamento de situacións de violencia sobre a infancia e a adolescencia dende unha perspectiva policial (artigo 49.1, parágrafo segundo LOPIVI).

Unidades especializadas (artigo 49):

Contémplase a existencia de **unidades especializadas** na investigación, prevención, detección e actuación de situacións de violencia sobre a infancia e a adolescencia e preparadas para unha correcta e adecuada intervención en tales casos.

Protocolos de actuación:

As Forzas e Corpos de Seguridade:

- Actuarán de conformidade cos **protocolos de actuación** policial con persoas menores de idade, así como calquera outro protocolo aplicable.
- Contarán cos **protocolos necesarios para a prevención, sensibilización, detección precoz, investigación e intervención** en situacións de violencia sobre a infancia e a adolescencia.

Criterios legais (artigo 50.2):

Sen prexuízo dos citados protocolos, establécense os seguintes **criterios legais** por parte das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, que deberán seguir en todas as súas actuacións con persoas menores de idade:

- a) Adoptaranse de forma inmediata todas as **medidas provisionais de protección** que resulten adecuadas á situación da persoa menor de idade.
- b) Só se practicarán **dilixencias con intervención da persoa menor de idade que sexan estritamente necesarias**. Por regra xeral, a declaración do menor realizarase nunha soa ocasión e sempre a través de profesionais especificamente formados.

- c) Practicaranse sen dilación todas as dilixencias imprescindibles que impliquen a intervención da persoa menor de idade, unha vez comprobado que se atopa en disposición de someterse ás devanditas intervencións.
- d) Impedirase calquera tipo de contacto directo ou indirecto en dependencias policiais entre a persoa investigada e o neno, nena ou adolescente.
- e) **Permitirase ás persoas menores de idade que así o soliciten formular denuncia por si mesmas e sen necesidade de estar acompañadas dunha persoa adulta.**
- f) **Informarase sen demora ao neno, nena ou adolescente do seu dereito á asistencia xurídica gratuita** e, se así o desexa, requirirase ao colexio de avogados competente a designación inmediata de avogado ou avogada da quenda de oficio específico para a súa presentación en dependencias policiais.
- g) **Dispensarase un bo trato** ao neno, nena ou adolescente, con adaptación da linguaxe e as formas á súa idade, grao de madurez e resto de circunstancias persoais.
- h) Procurarase que o neno, nena ou adolescente se atope en todo momento en **compañía dunha persoa da súa confianza designada libremente por el** ou ela mesma nun ambiente seguro, salvo que se observe o risco de que a devandita persoa puidese actuar en contra do seu interese superior, do cal deberá deixarse constancia mediante declaración oficial.



	ÁMBITO FAMILIAR	ÁMBITO EDUCATIVO	ÁMBITO SANITARIO	SERVIZOS SOCIAIS
Sensibilización	Programas de formación e sensibilización para evitar a promoción do matrimonio infantil, o abandono dos estudos e a asunción de compromisos laborais e familiares non acordes á súa idade Elaboración e difusión de materiais formativos dirixidos ao exercicio positivo da responsabilidade parental	Actuacións de difusión dos protocolos aplicables no ámbito educativo		
Formación	Promover a educación e o desenvolvemento de estratexias básicas e fundamentais para a adquisición de valores e competencias emocionais Desenvolvemento de programas de formación a adultos e a NNA en habilidades para a negociación e resolución de conflitos intrafamiliares Programas de formación e sensibilización para evitar a promoción do matrimonio infantil, o abandono dos estudos e a asunción de compromisos laborais e familiares non acordes á súa idade	Formación especializada inicial e continua aos membros da comunidade educativa sobre dereitos fundamentais da infancia e a adolescencia e sobre os protocolos aplicables Inclusión nos plans de estudo dos ciclos formativos de grao superior, de grao e de posgrao de contidos específicos dirixidos á prevención, detección precoz e intervención nos casos de violencia contra a infancia Formación de NNA en materia de dereitos, seguridade e responsabilidade dixital, promovendo en todas as etapas formativas o uso adecuado de Internet	Formación especializada inicial e continua sobre dereitos fundamentais da infancia e a adolescencia -Inclusión nos plans de estudo dos ciclos formativos de grao superior, de grao e de posgrao de contidos específicos dirixidos á prevención, detección precoz e intervención nos casos de violencia contra a infancia	Formación especializada inicial e continua sobre dereitos fundamentais da infancia e a adolescencia Inclusión nos plans de estudo dos ciclos formativos de grao superior, de grao e de posgrao de contidos específicos dirixidos á prevención, detección precoz e intervención nos casos de violencia contra a infancia


TIC	DEPORTE E OCIO	DEPORTE E OCIO	CENTROS DE PROTECCIÓN
Campañas accesibles e por tramos de idade para promover o uso seguro de Internet dende un enfoque de aproveitamento das oportunidades e o seu uso en positivo Campañas de educación, sensibilización e difusión dirixidas a NNA, familias, educadores e outros profesionais sobre o uso seguro de Internet e as TIC e sobre os riscos do seu uso inadecuado As campañas institucionais de prevención e información incluírán a prevención sobre contidos dixitais sexuais e/ou violentos nocivos para NNA			
Formación de NNA en materia de dereitos, seguridade e responsabilidade dixital, promovendo en todas as etapas formativas o uso adecuado de Internet Formación de profesionais que traballan habitualmente con NNA sobre uso seguro de Internet	Formación especializada inicial e continua sobre dereitos fundamentais da infancia e a adolescencia, en particular para atender a NNA con discapacidade, e sobre deporte inclusivo Inclusión nos plans de estudo dos ciclos formativos de grao superior, de grao e de posgrao de contidos específicos dirixidos á prevención, detección precoz e intervención nos casos de violencia contra a infancia	Formación especializada inicial e continua sobre dereitos fundamentais da infancia e a adolescencia, en particular para atender a NNA con discapacidade, e sobre deporte inclusivo Inclusión nos plans de estudo dos ciclos formativos de grao superior, de grao e de posgrao de contidos específicos dirixidos á prevención, detección precoz e intervención nos casos de violencia contra a infancia	Formación especializada inicial e continua a os membros da comunidade educativa sobre dereitos fundamentais da infancia e a adolescencia Inclusión nos plans de estudo dos ciclos formativos de grao superior, de grao e de posgrao de contidos específicos dirixidos á prevención, detección precoz e intervención nos casos de violencia contra a infancia acordes á súa idade

	ÁMBITO FAMILIAR	ÁMBITO EDUCATIVO	ÁMBITO SANITARIO	SERVIZOS SOCIAIS
Prevención	Actuacións para promover a parentalidade positiva Medidas de política familiar para apoiar os aspectos cualitativos da parentalidade positiva Medidas de política familiar dirixidas a previr a separación do ambiente familiar Promover a atención ás mulleres durante o período de xestación e facilitar o bo trato -perinatal Proporcionar un ambiente obstétrico e perinatal seguro para a nai e o bebé Programas para promover formas positivas de aprendizaxe e para erradicar o castigo con violencia física ou psicolóxica no ámbito familiar Servizos de información e apoio profesional a NNA para que teñan a capacidade necesaria para detectar precozmente e rexeitar calquera forma de violencia Proporcionar formación, orientación e apoios ás familias de NNA con discapacidade Impulso aos servizos de apoio ás familias Impulso aos servizos de mediación e conciliación en situacións de ruptura familiar	Deber de comunicación cualificado Información ao inicio de cada curso escolar de toda a información sobre procedementos de comunicación de situacións de violencia e sobre as persoas responsables diso Obriga de manter actualizada e accesible a información sobre mecanismos de queixa e denuncia de situacións de violencia Inclusión no plan de convivencia de actividades para a adquisición de habilidades, sensibilización e formación, promoción do bo trato e resolución pacífica de conflitos Inclusión no plan de convivencia do código de conduta consensuado sobre situacións de acoso escolar ou calquera outra situación que afecte á convivencia escolar Adopción e seguimento de medidas educativas por parte do claustro de profesorado e do consello escolar que fomenten o recoñecemento e protección dos dereitos de NNA ante calquera forma de violencia Achega de certificación negativa do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais e Tráfico de Seres Humanos, supervisado por quen ostente a dirección ou titularidade do centro educativo Regulación e aplicación en todos os centros, independentemente da súa titularidade, de protocolos de actuación contra toda forma de violencia comprendida no ámbito da LOPIVI	Aprobación dun protocolo común de actuación sanitaria polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, aplicable en todos os centros e servizos sanitarios Aprobación de protocolos específicos que faciliten o bo trato, a identificación de factores de risco, a prevención e detección precoz da violencia sobre NNA e as medidas de asistencia e recuperación das vítimas, especialmente as máis vulnerables Achega de certificación negativa do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais e Tráfico de Seres Humanos Facilitar o acceso a NNA á información, servizos de tratamento e recuperación Garantirase unha atención á saúde mental integral reparadora e adecuada á idade da vítima	Deber de comunicación cualificado á entidade pública de protección cando os servizos sociais de atención primaria teñan noticia dun caso de violencia e desprotección de NNA Achega de certificación negativa do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais e Tráfico de Seres Humanos Dotación aos servizos sociais de atención primaria e especializada de profesionais e equipos de intervención familiar e de intervención na infancia e na adolescencia adestrados na detección precoz, valoración e intervención en situacións de violencia Apoio ás familias en casos de risco ou sospeita de violencia contra NNA de maneira coordinada entre os servizos sociais de atención primaria e os especializados Elaboración dun plan de intervención familiar individualizado cando sexa necesario, de forma coordinada e coa participación do resto de ámbitos implicados Garantía de atención integral para a recuperación de NNA vítimas de delitos violentos a través de servizos sociais especializados

TIC	DEPORTE E OCIO	FCS	CENTROS DE PROTECCIÓN
Deber de comunicación de contidos ilícitos en Internet Dispoñibilidade de canles accesibles e seguras de denuncia da existencia de contidos ilícitos en Internet Medidas de acompañamento ás familias, reforzando o rol dos proxenitores a través do desenvolvemento de competencias e habilidades que favorezan o cumprimento das súas obrigas legais Posta a disposición de NNA e profesionais dun servizo de axuda en liña sobre o uso seguro e responsable de Internet que ofrezca asistencia e asesoramento Adopción de medidas para incentivar a responsabilidade social corporativa das empresas en materia de uso seguro e responsable de Internet por NNA Fomento dos contidos positivos en liña e do desenvolvemento de contidos adaptados ás necesidades dos diferentes grupos de idade	Achega de certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e Tráfico de Seres Humanos Regulación de protocolos de prevención, detección precoz e intervención e aplicación en todos os centros que realicen actividades deportivas e de ocio Implantación dun sistema de monitorización para asegurar o cumprimento dos protocolos Adopción de medidas para loitar contra a discriminación por calquera motivo no deporte Fomento da participación activa de NNA en todos os aspectos da súa formación e desenvolvemento integral Fomento e reforzo das relacións entre as entidades deportivas e de ocio e os proxenitores	Certificación negativa do Rexistro de Delincuentes Sexuais e Tráfico de Seres Humanos Creación de unidades especializadas en a investigación, prevención, detección e actuación en situacións de violencia contra NNA Desenvolvemento de ferramentas tecnolóxicas interoperables que faciliten a investigación de delitos e potencien o labor das FCS Adopción de protocolos de obrigado cumprimento para a prevención, sensibilización, detección precoz, investigación e intervención en situacións de violencia contra NNA Adecuación da actuación policial aos criterios legalmente establecidos sobre atención e bo trato a NNA	Deber de información a NNA no momento do ingreso no centro sobre os mecanismos, procedementos e persoas de referencia para comunicar as queixas ou denuncias Obriga de manter accesible e actualizada a información sobre os citados mecanismos Achega de certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e Tráfico de Seres Humanos Aplicación dos protocolos de actuación que estableza a entidade pública de protección á infancia e á adolescencia que deben seguirse para a prevención, detección precoz e intervención fronte ás situacións de violencia contra NNA Aprobación de estándares e indicadores que permitan avaliar a eficacia dos protocolos Supervisión periódica do Ministerio Fiscal sobre o cumprimento dos protocolos, seguimento dos mecanismos de comunicación e escoita a NNA Adopción de medidas para garantir a convivencia e a seguridade nos centros de protección, de carácter preventivo e de desescalada

	ÁMBITO FAMILIAR	ÁMBITO EDUCATIVO	ÁMBITO SANITARIO	SERVIZOS SOCIAIS
Detección			Dotación de persoal especializado en detección precoz	Dotación de persoal especializado en detección en servizos sociais de atención primaria e especializados
Outras		Coordinador ou coordinadora de benestar e protección en todos os centros educativos	Creación dunha Comisión fronte á violencia nos NNA no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde	En situacións de urxencia, os funcionarios de servizos sociais poderán adoptar as medidas oportunas de coordinación para garantir a mellor protección de NNA vítimas de violencia conforme aos protocolos que se aproben en cada comunidade autónoma -RUSSVI (en substitución do RUMI

TIC	DEPORTE E OCIO	FCS	FCS
Realización de diagnósticos por parte das Administracións públicas sobre o uso seguro de Internet por NNA e os problemas de risco asociados, así como das novas tendencias Garantía de dispoñibilidade pola AEPD dunha canle accesible e segura de denuncia da existencia de contidos ilícitos en Internet			
	Delegado ou delegada de protección en todas as entidades que realizan de forma habitual actividades deportivas ou de ocio con NNA		



A Estratexia Nacional para a Erradicación da Violencia contra a Infancia e a Adolescencia

Regulación: artigo 21 LOPIVI

(*) Marco internacional de referencia: Recomendación do Consello de Europa Recomendación CM/Rec(2009)10, pola que se aproban as **Directrices sobre as estratexias nacionais integrais para a protección da infancia contra a violencia**.

A LOPIVI acolle a idea de **protección integral e sinala que a ferramenta para a súa concreción** en relación coa violencia contra a infancia será a estratexia de erradicación da violencia contra a infancia e a adolescencia:

- De carácter **plurianual**.
- Con **especial incidencia** nos ámbitos familiar, educativo, sanitario, dos servizos sociais, das novas tecnoloxías, do deporte e o ocio e das Forzas e Corpos de Seguridade.
- Acompañada dunha **memoria económica** na que os centros competentes identificarán as aplicacións orzamentarias con cargo ás que haberán de financiarse.
- **Impulsada polo** departamento ministerial que teña atribuídas competencias en políticas de infancia.
- **Elaborada pola** Administración Xeral do Estado en colaboración coas comunidades autónomas e as entidades locais, coa participación do Observatorio da Infancia, as entidades do terceiro sector, a sociedade civil e os nenos, nenas e adolescentes a través do Consello Estatal de Participación da Infancia e da Adolescencia creado pola LOPIVI.
- **Aprobada polo** Goberno, a proposta da Conferencia Sectorial de Infancia e Adolescencia.

Avaliación (artigo 21.2):

- Anual.
- A través dun informe de avaliación:
 - Sobre o grao de cumprimento e a eficacia da estratexia de erradicación da violencia sobre a infancia e a adolescencia.
 - Elaborado polo órgano ao que corresponda o impulso da estratexia en colaboración cos ministerios de Xustiza, Interior, Sanidade, Educación e Formación Profesional e o Alto Comisionado para a Loita contra a Pobreza Infantil.
 - Deberá ser elevado ao Consello de Ministros.
 - Conterá os datos estatísticos dispoñibles sobre violencia cara á infancia e á adolescencia.
 - Os resultados faranse públicos para xeral coñecemento e deberán ser tidos en conta para a elaboración das políticas públicas correspondentes.



Recollida de datos e información estatística sobre a violencia contra a infancia e a adolescencia

Regulación: artigos 44 e 52

A reunión de datos suficientes, fiables e desagregados sobre os nenos, nenas e adolescentes é unha medida de aplicación da Convención sobre os Dereitos do Neno fundamental para garantir a realización dos seus dereitos e poder determinar se hai discriminacións ou disparidades non xustificadas. A recompilación de datos, en particular sobre violencia, resulta fundamental para a elaboración de políticas públicas e para a adopción de medidas de protección baseadas na evidencia.

Ata a aprobación da LOPIVI só existía o Rexistro Unificado de Maltrato Infantil (RUMI), cuxa información resultaba insuficiente. A LOPIVI establece a necesidade de recoller datos completos sobre a violencia contra a infancia e a adolescencia, coordinados en todo o territorio, para a elaboración das políticas públicas e a estratexia para a erradicación da violencia contra a infancia.

Concretamente, prevense as seguintes canles e rexistros de datos sobre violencia contra a infancia e a adolescencia.

O RUSSVI (artigo 44.2 LOPIVI):

En **substitución do actual RUMI** (Rexistro Unificado de Maltrato Infantil), previsto no artigo 22 ter da LOPXM.

Trátase dun rexistro estatal que incluírá:

1. A información **estatística de casos de violencia** contra a infancia e a adolescencia procedente dos servizos sociais de atención primaria.
2. A información e os **datos procedentes da entidade pública de protección** á infancia, debidamente desagregados.

O Rexistro Central de Información (artigo 56 LOPIVI)

Obxectivo: coñecemento uniforme da situación da violencia contra a infancia e a adolescencia

É un rexistro de **ámbito estatal**, adscrito ao ministerio competente en políticas de infancia que recollerá os datos enviados polo **RUSVI, o CXPX, as FCS e as distintas Administracións públicas**.

Regularase mediante un Real decreto do Goberno que establecerá:

- A información concreta que incluírá o Rexistro.
- O procedemento a través do cal deben ser subministrados os datos.

Recollerase, polo menos, **información anonimizada:**

- a) Con respecto ás vítimas: idade, sexo, tipo de violencia, gravidade, nacionalidade e, no seu caso, discapacidade.
- b) Con respecto ás persoas agresoras: idade, sexo e relación coa vítima.
- c) Información policial (denuncias, vitimizacións, etc.) e xudicial.
- d) Medidas postas en marcha fronte á violencia sobre a infancia e a adolescencia.

Publicarase un informe anual da situación da violencia contra a infancia e a adolescencia.

Outros datos de carácter sectorial

- No ámbito **sanitario**, a Comisión fronte á violencia contra os nenos, nenas e adolescentes que se crea no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde emitirá un **informe anual** que incluírá os datos dispoñibles sobre atención sanitaria das persoas menores de idade vítimas de violencia, desagregados por sexo e idade, así como a información sobre a implementación das medidas con incidencia sanitaria contempladas na propia lei.

Este informe será remitido ao Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde e ao Observatorio da Infancia e os seus resultados serán incluídos no informe anual de avaliación da estratexia de erradicación da violencia sobre a infancia e a adolescencia (artigo 39.3 LOPIVI).

- No **ambiente dixital**, as Administracións públicas deberán realizar diagnósticos sobre o uso seguro de Internet, os riscos asociados e novas tendencias que se poidan apreciar, sempre tendo en conta criterios de idade e xénero (artigo 46.1 LOPIVI).



Colaboración e cooperación

A efectividade do sistema de protección require unha precisa **distribución de competencias** e funcións entre todos os poderes, órganos e suxeitos que o compoñen, así como dos **ade cuados mecanismos de interconexión** entre os citados elementos.

O máis importante do sistema de protección recae sobre os poderes públicos (lexislativo, xudicial e, en España, moi especialmente o executivo a través de todas as súas Administracións públicas). Así e todo, é imprescindible **contar coa sociedade civil e co sector empresarial** se se quere verdadeiramente acadar a integralidade da protección dos dereitos da infancia e a adolescencia fronte á violencia.

O DEBER DE COLABORACIÓN ENTRE ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS (artigo 6 LOPIVI)

A LOPIVI recolle expresamente o **deber de colaborar entre todas as Administracións públicas** para ofrecer unha resposta integral fronte á violencia contra a infancia.

A colaboración é pois un deber, non unha mera opción facultativa, e o seu **alcance** está legalmente establecido no artigo **141 LRXSP**. Principalmente consiste en:

- O deber de **información**: facilitar ás outras Administracións a información que precisen sobre a actividade que desenvolvan no exercicio das súas propias competencias ou que sexa necesaria para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
- O deber de **asistencia**: prestar, no ámbito propio, a asistencia que as outras Administracións puidesen solicitar para o eficaz exercicio das súas competencias.

A LOPIVI concreta o deber de colaboración ao instar ás Administracións a facelo a nivel nacional e internacional mediante accións de intercambio de información, coñecementos, experiencias e boas prácticas (artigo 6.2 LOPIVI).

A COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVA: A CONFERENCIA SECTORIAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA

Regulación: artigos 147 a 152 LRXSP e artigo 7 LOPIVI

As conferencias sectoriais:

A cooperación entre Administracións implica asumir compromisos específicos para unha acción común. A cooperación tamén se pode concretar na creación dun órgano “mixto”, composto por representantes de ambas Administracións, para traballar por un fin común (neste caso, a protección da infancia e a adolescencia).

Unha conferencia sectorial:

- É un órgano mixto, que non pertence nin ao Estado nin ás comunidades autónomas.
- Debe ser convocado polo menos unha vez ao ano polo ministro ou ministra que as presida.
- As funcións poden ser consultivas, decisorias ou de coordinación orientadas a alcanzar acordos sobre materias comúns (informar sobre proxectos de lei e de regulamento, establecer plans específicos de cooperación entre comunidades autónomas, intercambiar información e fixar criterios de distribución territorial de créditos orzamentarios).
 - As resolucións que adopten poden plasmarse en acordos de obrigado cumprimento, podendo ser esixidos xudicialmente.
 - As recomendacións só expresan a opinión do órgano e aspiran a orientar a actuación.
 - Ambos tipos de decisións adóptanse mediante votación.

A Conferencia Sectorial de Infancia e Adolescencia (artigo 7. LOPIVI):

A LOPIVI crea a Conferencia Sectorial de Infancia e Adolescencia como órgano de cooperación entre a Administración Xeral do Estado e as comunidades autónomas en materia de protección e desenvolvemento da infancia e a adolescencia. Polo tanto, **non limita a súa actuación á protección fronte á violencia, senón que aspira a establecer un modelo de cogobernanza para a maior eficiencia do sistema de protección.**

Composición: deberá garantirse a presenza e intervención das comunidades autónomas, das entidades locais e do Alto Comisionado para a Loita contra a Pobreza Infantil.

A LOPIVI **non sinala as funcións concretas**, que deberán ser recollidas no regulamento que estableza a súa organización e funcións unha vez se constituíse a Conferencia Sectorial, pero si os obxectivos aos que debe dirixirse:

- a) A **coherencia e complementariedade** das actividades que realicen as Administracións públicas no ámbito da protección e desenvolvemento dos dereitos da infancia e a adolescencia, e especialmente na loita fronte á violencia sobre estes colectivos.
- b) O **maior grao de eficacia e eficiencia** na identificación, formulación e execución das políticas, programas e proxectos impulsados polas distintas Administracións públicas en aplicación do previsto nesta lei.
- c) A **participación das Administracións públicas** na formación e avaliación da estratexia de erradicación da violencia contra a infancia e a adolescencia.

A COLABORACIÓN PÚBLICO-PRIVADA

Co sector empresarial:

A obriga do Estado de velar por que os provedores privados de servizos actúen de conformidade co disposto na Convención sobre os Dereitos do Neno pode cumprirse a través de distintos medios e **a LOPIVI optou pola colaboración público-privada.**

Con carácter xeral, para facilitar a prevención, detección precoz e intervención en situacións de violencia contra a infancia e a adolescencia **promoverase que as Administracións públicas subscriban convenios** cos medios de comunicación, os axentes sociais, os colexios profesionais, as confesións relixiosas e demais entidades privadas que desenvolvan a súa actividade en contacto habitual con nenos, nenas e adolescentes ou no seu ámbito material de relación (artigo 8.1 LOPIVI).

O ámbito das tecnoloxías da información e comunicación resulta especialmente sensible e é obxecto de desenvolvemento específico na LOPIVI. Neste sentido:

- Fomentárase a colaboración das empresas de tecnoloxías da información e comunicación, as axencias de protección de datos das distintas Administracións públicas, as Forzas e Corpos de Seguridade e a Administración de Xustiza co fin de detectar e retirar, coa maior brevidade posible, os contidos ilegais nas redes que supoñan unha forma de violencia sobre os nenos, nenas e adolescentes.
- Así mesmo, incídese na necesidade de adoptar as medidas necesarias para asegurar o adecuado desenvolvemento das accións de colaboración co sector das novas tecnoloxías contempladas no capítulo VIII do título III da LOPIVI (artigo 8.2 LOPIVI).

Tamén se buscará a colaboración das Administracións públicas cos **medios de comunicación** para garantir o respecto ao dereito ao honor, á intimidade e á propia imaxe da vítima e os seus familiares.

Coa sociedade civil:

A LOPIVI recoñece o papel da sociedade civil na protección da infancia e a adolescencia fronte á violencia, polo que:

- Insta ás Administracións públicas a **fomentar o intercambio de información, coñecementos, experiencias e boas prácticas** coa sociedade civil relacionadas coa protección das persoas menores de idade en Internet, baixo un enfoque multidisciplinar e inclusivo (artigo 8.3 LOPIVI).
- Imponse ás Administracións o **deber de garantir a existencia e o apoio aos medios electrónicos de comunicación, tales como liñas telefónicas gratuítas de axuda a nenos, nenas e adolescentes, así como o seu coñecemento por parte da sociedade civil**, como ferramenta esencial a disposición de todas as persoas para a prevención e detección precoz de situacións de violencia sobre os nenos, nenas e adolescentes (artigo 17.3 LOPIVI).
- **Contémplase legalmente a participación preceptiva do Observatorio da Infancia**, das entidades do terceiro sector e da sociedade civil na elaboración da estratexia para a erradicación da violencia contra a infancia e a adolescencia (artigo 21.1. parágrafo segundo LOPIVI).



18



Modificacións no ámbito civil

As modificacións ao Código Civil (CC) abordadas pola LOPIVI son as seguintes:

Artigo 92 CC:

Refórzase o interese superior do neno nos procesos de separación, nulidade e divorcio e contémpnanse cautelas para asegurar que se cumpren os réximes de garda e custodia.

Artigo 154 CC:

Establécese que a **facultade de decidir o lugar de residencia dos fillos e fillas** menores de idade forma parte do contido da potestade que, por regra xeral, corresponde a ambos proxenitores. Polo tanto, requírese o consentimento de ambos ou, no seu defecto, autorización xudicial para o traslado da persoa menor de idade.


Artigo 158 CC:

O **xuíz poderá acordar a suspensión cautelar no exercicio da patria potestade e/ou exercicio da garda e custodia**, suspensión cautelar do réxime de visitas e comunicacións establecidos en resolución xudicial ou convenio xudicialmente aprobado e, en xeral, as demais disposicións que considere oportunas, co fin de apartar o menor dun perigo ou evitarlle prexuízos no seu ambiente familiar ou fronte a terceiras persoas, coa garantía da audiencia da persoa menor de idade.

Artigo 172.5 CC:

Amplíase de seis a doce meses o prazo dende que o menor abandonou voluntariamente o centro, como causa de **cesamento da tutela administrativa**.





Modificacións ao Código Penal

A **disposición final sexta da LOPIVI** introduce reformas importantes ao Código Penal (Lei orgánica 10/1995, de 23 de novembro):

- Introduce unha nova regulación dos **delitos de odio** (artigos 22.4, 511, 512 e 515.4 CP), nos que se inclúe a idade como causa de discriminación.
- Modifícase a suspensión da pena (artigo 83.6) e a pena de traballos en beneficio da comunidade (artigo 49) para incluír entre os **programas formativos** o contido sobre resolución pacífica de conflitos e parentalidade positiva.
- Reformouse parcialmente o contido do artigo 57.1 do CP, ampliando o elenco dos delitos nos que se poden impoñer as prohibicións contempladas no artigo 48 aos **delitos contra as relacións familiares**.
- Esténdese o tempo de **prescripción** dos delitos máis graves cometidos contra as persoas menores de idade, modificando o día de comezo do cómputo de prazo, que será a partir de que a vítima fixese os trinta e cinco anos.
- Elimínase o **perdón da persoa ofendida** como causa de extinción da responsabilidade criminal cando a vítima do delito sexa unha persoa menor de dezaioito anos.
- Imponse como obrigatoria a **pena de privación da patria potestade aos penados por homicidio ou polo asasinato** en dúas situacións: cando o autor e a vítima tivesen en común un fillo ou filla e cando a vítima fose fillo ou filla do autor (artigo 140 bis).
- Incrementase a idade a partir da que se aplicará o **subtipo agravado do delito de lesións** do artigo 148.3 dos doce aos catorce anos.
- Modifícase a **redacción do tipo agravado de agresión sexual, do tipo de abusos e agresións sexuais** a menores de dezaseis anos e dos tipos de prostitución e explotación sexual e corrupción de menores (artigos 180, 183, 188 e 189).

- Modifícase o artigo 183 quater, para limitar o efecto de **extinción da responsabilidade criminal polo consentimento libre do menor de dezaseis anos** unicamente aos delitos previstos nos artigos 183, apartado 1, e 183 bis, parágrafo primeiro, inciso segundo, cando o autor sexa unha persoa próxima á persoa menor por idade e grao de desenvolvemento ou madureza física e psicolóxica, sempre que os actos non constitúan un atentado contra a liberdade sexual da persoa menor de idade.
- Modifícanse parcialmente as penas de **inhabilitación especial de profesión ou oficio** (artigo 45 CP) para comprender tanto as actividades retribuídas como as que non o son, a posibilidade de que teñan carácter parcial, así como a pena de **inhabilitación da patria potestade** (artigo 46) para especificar que non subsisten todos os dereitos dos que é titular senón tan só aqueles que determine o xuíz en atención ao interese superior do menor.
- Modifícanse algúns delitos concretos do libro II do CP para impoñer ou **reformular penas privativas de dereitos** en supostos relacionados coa violencia sobre persoas menores de idade (artigos 140 bis 2 – engade unha pena privativa da patria potestade–, 156 quinquies, 177 bis parágrafo final e 192.3 –engade ou modifica penas de inhabilitación especial).
- Modificouse a **pena de inhabilitación especial para calquera profesión, oficio ou outras actividades** que supoñan contacto regular e directo con persoas menores de idade (artigo 192.3, inciso 2º) engadindo á profesión ou oficio a referencia expresa a outras “actividades, retribuídas ou non”. Ademais, establecéronse outros dous supostos nos que deben impoñerse: os delitos de lesións (art. 156 quinquies) e de tráfico de seres humanos (artigo 177 bis) cando as vítimas sexan menores de idade.
- Modifícase o tipo penal de **subtracción de persoas menores de idade** do artigo 225 bis, permitindo que poidan ser suxeito activo deste tanto o proxenitor que conviva habitualmente coa persoa menor de idade como o proxenitor que unicamente o teña na súa compañía nun réxime de estancias.
- Créanse **novos tipos delituosos** para evitar a impunidade de condutas realizadas a través de **medios tecnolóxicos e da comunicación**, que producen graves riscos para a vida e a integridade das persoas menores idade, así como unha grande alarma social. Castígase a quen, a través destes medios, promova o suicidio, a autolesión ou os trastornos alimenticios entre persoas menores de idade, así como a comisión de delitos de natureza sexual contra estas. Ademais, prevese expresamente que as autoridades xudiciais retirarán estes contidos da rede para evitar a persistencia delituosa (artigos 143 bis CP, 156 ter CP, 189 bis CP, 361 bis CP).



Modificacións no ámbito procesual

LACrim (Lei de axuízamento criminal, aprobada por Real decreto de 14 de setembro de 1882, modificada pola disposición final primeira da LOPIVI)

- Modifícanse os artigos 109 bis e 110 LACrim para acoller a actual xurisprudencia que permite a **comparecencia das vítimas** e persoas prexudicadas por un delito, unha vez transcorre o termo para formular o escrito de acusación, sempre que se adhiran ao escrito de acusación formulado polo Ministerio Fiscal ou polo resto das acusacións que comparezan.
- Modifícase o artigo 261 e establécese unha excepción ao réxime xeral de **dispensa da obriga de denunciar**, ao determinar a obriga de denunciar do cónxuxe e familiares próximos da persoa que cometese un feito delituoso cando se trate dun delito grave cometido contra unha persoa menor de idade ou con discapacidade necesitada de especial protección (adaptación ao Convenio de Lanzarote).
- Modifícase o artigo 416, de forma que se establecen unha serie de excepcións á **dispensa da obriga de declarar**, co fin de protexer no proceso penal as persoas menores de idade ou con discapacidade necesitadas de especial protección.
- **Proba preconstituída** (artigo 449 ter LACrim, novo): atendendo á especial vulnerabilidade dos nenos e nenas, establécese a súa obrigatoriedade cando a testemuña sexa unha persoa menor de catorce anos ou unha persoa con discapacidade necesitada de especial protección.

Nestes supostos a autoridade xudicial, practicada a proba preconstituída, só poderá acordar motivadamente a súa declaración no acto do xuízo oral, cando, interesada por unha das partes, se considere necesario. Polo tanto, convértese en excepcional a declaración en xuízo dos menores de catorce anos ou das persoas con discapacidade necesitadas de especial protección, establecéndose como norma xeral a práctica da proba preconstituída en fase de instrución e a súa reprodución no acto do xuízo evitando que o lapso temporal entre a primeira declaración e a data de xuízo oral afecten á calidade do relato, así como a vitimización secundaria de vítimas especialmente vulnerables.

LOPX (Lei orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, modificada pola disposición final cuarta da LOPIVI)

- Regúlase a necesidade de **formación especializada nas carreiras xudicial e fiscal**, no corpo de letrados e no resto de persoal ao servizo da Administración de Xustiza, esixida por toda a normativa internacional, na medida en que as materias relativas á infancia e a persoas con discapacidade se refiren a colectivos vulnerables (artigos 307.2 LOPX, 310 LOPX, 433.bis.5 LOPX, 434.2 LOPX).
- Establécese a posibilidade de que nas unidades administrativas, entre as que se atopan os Institutos de Medicina Legal e Ciencias Forenses e as Oficinas de Asistencia ás Vítimas, dependentes do Ministerio de Xustiza, se incorporen como funcionarios **outros profesionais especializados** nas distintas áreas de actuación destas unidades, reforzando así o carácter multidisciplinar da asistencia que se prestará ás vítimas (artigos 480.3 e 4 LOPX).

LAC (Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, de axuizamento civil, modificada pola disposición final novena da LOPIVI)

- Con relación aos **procedementos de oposición ás resolucións administrativas en materia de protección de menores**, modifícanse os artigos 779 e 780 LAC para:
 - Fixar un prazo máximo de duración de tres meses dende a súa iniciación nos procedementos nos que se tramite a oposición ás resolucións administrativas en materia de protección de menores.
 - Prever que as persoas menores de idade poidan elixir eles mesmos os seus defensores.
 - Reducir os prazos do procedemento.
 - Contemplan a posibilidade de que se adopten medidas cautelares.

LXV (Lei 15/2015, de 2 de xullo, da xurisdición voluntaria, modificada pola disposición final décimo quinta da LOPIVI)

- Modifícase a especialidade 4ª do apartado 2 do artigo 18 da LXV para **asegurar o dereito do neno, nena e adolescente a ser escoitado nos expedientes do seu interese**, en condicións idóneas, en termos que lles sexan accesibles, comprensibles e adaptados á súa idade, madureza e circunstancias.



Desenvolvemento normativo da LOPIVI

A LOPIVI supón un fito normativo en materia de protección da infancia e a adolescencia fronte á violencia, pero o marco normativo require un desenvolvemento ulterior e complementario tanto a nivel estatal como autonómico.

No ámbito **autonómico**, as leis das comunidades autónomas sobre protección da infancia e da adolescencia e sobre servizos sociais deberán facer as oportunas adaptacións ao disposto na LOPIVI para garantir a súa efectiva aplicación. Principalmente:

- A lexislación sobre sensibilización, formación e capacitación de profesionais.
- A prevención primaria e secundaria (incluíndo a situación de risco) en todos os ámbitos sinalados pola LOPIVI.
- A incorporación das previsións sobre os servizos sociais de atención primaria.
- A aprobación dos protocolos de detección e intervención.

En canto ao **ámbito estatal**, algunhas cuestións serán desenvolvidas por lei e outras requiren desenvolvemento regulamentario ou acordo do Goberno para a súa efectiva implementación.

Normativa estatal complementaria:

A disposición final vixésima insta ao Goberno a que, no prazo dun ano dende a entrada en vigor da LOPIVI, remita ás Cortes Xerais os seguintes proxectos de lei:

- a) **Un proxecto de lei de modificación da Lei orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, para establecer a especialización dos órganos xudiciais**, para a instrución e axuízamento das causas penais por delitos contra persoas menores de idade.

Para iso, presentarase a inclusión de xulgados de violencia contra a infancia e a adolescencia, así como a especialización dos xulgados do penal e as audiencias provinciais. Tamén serán obxecto de adaptación, no mesmo sentido, as probas selectivas que permitan acceder á titularidade dos órganos especializados. Así mesmo, o mencionado proxecto de lei orgánica dispoñerá das modificacións necesarias para garantir a especialización dentro da orde xurisdiccional civil en Infancia, Familia e Capacidade.

b) **Un proxecto de lei de modificación da Lei 50/1981, de 30 de decembro, reguladora do Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal**, para os efectos de establecer a especialización de fiscais no ámbito da violencia sobre a infancia e a adolescencia, conforme ao seu réxime estatutario.

Así mesmo, dispón que as Administracións competentes regularán en idéntico prazo a **composición e funcionamento dos equipos técnicos** que presten asistencia especializada aos órganos xudiciais especializados en infancia e adolescencia, e a forma de acceso a estes de acordo cos criterios de especialización e formación recollidos na LOPIVI.

A disposición final vixésimo cuarta insta ao Goberno a que, no prazo dun ano dende a súa entrada en vigor, proceda ao **desenvolvemento normativo do procedemento para a determinación da idade dos menores**, de modo que se garanta o cumprimento das obrigas internacionais contraídas por España, así como a prevalencia do interese superior do menor, os seus dereitos e a súa dignidade.

Desenvolvemento regulamentario:

A LOPIVI require un exhaustivo desenvolvemento regulamentario en moitos dos aspectos que regula, sen prexuízo do que corresponde ao Goberno ou aos ministros competentes no exercicio das súas competencias. Os principais aspectos que deben desenvolverse regulamentariamente son os seguintes:


- Regulamento de **organización e funcionamento interno da Conferencia Sectorial** de Infancia e Adolescencia, aprobado por ela mesma (artigo 7.3 LOPIVI).
- **Creación da Comisión fronte á Violencia nos Nenos, Nenas e Adolescentes** no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, no prazo dun ano dende a entrada en vigor da LOPIVI (artigo 39.1 LOPIVI).
- **Rexistro Central de Información**: o Goberno establecerá mediante real decreto a creación do Rexistro Central de Información sobre a violencia contra a infancia e a adolescencia, así como a información concreta, o procedemento a través do cal os suxeitos obrigados deberán remitir a información e o contido e a forma en que deberá remitirse a información anonimizada (artigo 56.1 LOPIVI).
- **Aprobación da estratexia para a erradicación da violencia contra a infancia**: a súa aprobación corresponde ao Goberno, aínda que non se fará por norma regulamentaria senón probablemente por acordo do Consello de Ministros (artigo 21.1. LOPIVI).
- Determinación dos termos nos que a **Administración penal** elaborará programas específicos para as persoas internas que fosen condenadas por delitos relacionados coa violencia contra a infancia e adolescencia, ao obxecto de desenvolver neles unha actitude de respecto cara aos dereitos de nenos, nenas e adolescentes (artigo 66.bis da Lei xeral penal, modificado pola disposición final terceira da LOPIVI).

- **Creación do Consello Estatal de Participación da Infancia e da Adolescencia:** o Goberno, no prazo de seis meses dende a aprobación da LOPIVI, procederá á creación do Consello Estatal de Participación da Infancia e da Adolescencia, de modo que se garanta o exercicio efectivo do dereito de participación na formulación, aplicación e avaliación de plans, programas e políticas nacionais que afectan aos nenos, nenas e adolescentes (disposición final decimo sétima).

A Orde DSA/1009/2021, de 22 de setembro, creou o Consello de Participación da Infancia e Adolescencia como órgano permanente e estable de consulta, representación e de participación das nenas, nenos e adolescentes. Formarán parte del 34 nenos, nenas e adolescentes entre os 8 e os 17 anos que serán propostos por estruturas participativas municipais e autonómicas, así como por organizacións de implantación estatal que contén con canles de participación infantil.

- **Comisión de seguimento** da LOPIVI: por orde dos ministros de Xustiza, Interior e de Dereitos Sociais e Axenda 2030, a proposta da Dirección Xeral dos Dereitos da Infancia e da Adolescencia, crearase unha comisión de seguimento no prazo máximo dun ano a partir da aprobación desta lei, co obxecto de analizar a súa posta en marcha, as súas repercusións xurídicas e económicas e a avaliación do seu impacto (disposición adicional sétima da LOPIVI).
- **Seguridade Social das persoas acolledoras especializadas de dedicación exclusiva:** o Goberno determinará regulamentariamente, no prazo dende un ano da entrada en vigor da presente lei orgánica, o alcance e condicións da incorporación á Seguridade Social das persoas que sexan designadas como acolledoras especializadas de dedicación exclusiva, previstas no artigo 20.1 da Lei orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuízamento civil, no réxime que lles corresponda, así como os requisitos e procedemento de afiliación, alta e cotización (disposición adicional novena).





Listaxe abreviaturas guía LOPIVI

AEPD	Axencia Española de Protección de Datos
CC	Código Civil
CDN	Convención dos Dereitos do Neno
CE	Constitución Española
CXPX	Consello Xeral do Poder Xudicial
CM/Rec	Recomendación do Comité de Ministros
CP	Código Penal
FCS	Forzas e Corpos de Seguridade
LOPIVI	Lei orgánica de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia
LOMPIVX	Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero
LOPXM	Lei orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuizamento civil
LOPX	Lei orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial
LAC	Lei axuizamento civil
LACrim	Lei axuizamento criminal
LRPM	Lei orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores
LRXSP	Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
LXV	Lei 15/2015, de 2 de xullo, da xurisdición voluntaria
ODS	Obxectivos de Desenvolvemento Sostible
RUMI	Rexistro Unificado de Maltrato Infantil
RUSSVI	Rexistro Unificado de Servizos Sociais sobre Violencia contra a Infancia



